

OB

A situación
das e dos profesionais
do **Traballo Social**
en Galicia

SER

VA

COTSG

TO

RIO





EDITA:

Rúa Dublín, 6, baixo, porta 3
15707 Santiago de Compostela
Teléfono 981 568100 | 981 941898
Email: info@traballosocial.org

O PRESENTE ESTUDO FOI ELABORADO POLO SEGUINTE EQUIPO DE INVESTIGACIÓN: **OS E AS INTEGRANTES DA XUNTA DE GOBERNO DO COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**

Marta Capeáns Outeiro, Presidenta
Gonzalo Saborido Martínez, Vicepresidencia
María Isabel Ríos Paz, Secretaría
Jesús Pérez González, Tesourería
Beatriz de la Torre Bermúdez, Vogalía
David Saavedra Pino, Vogalía
Carlota Obelleiro Madroñal, Vogalía
Patricia Blanco Riveiro, Vogalía

COA COLABORACIÓN DE: Lorena Añón Loureiro

E tamén,

COA COLABORACIÓN DO RESTO DE TRABALLADORES/AS DO COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Agradecemento especial ás máis de 600 persoas colexiadas que colaboraron cumprimentando a enquisa previa e se as cales non sería posible este documento.

Responsable de Edición: Marta Capeáns Outeiro

Maquetación: ECO360

Imprime: Gráficas Mera

Data Publicación: Febreiro 2016

ISBN: 978-84-920245-6-8

O presente estudo terá carácter gratuíto a efectos da súa distribución

INFORME INVESTIGACIÓN

SITUACIÓN DOS E DAS PROFESIONAIS DO

TRABALLO SOCIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

DE GALICIA

COTSG | Rúa Dublín 6, baixo
15.707 Santiago de Compostela
Tfno. 981 568 100 | Fax 981 941 898

Índice

INTRODUCCIÓN	5
I. MARCO TEÓRICO.....	8
I.1. Perfil dos e das traballadoras sociais	8
I.1.1. Variables socio-demográficas	8
I.1.2. Dimensión formativa	11
I.1.3. Dimensión laboral	18
I.2. O contexto actual e a disciplina do traballo social.....	26
I.2.1. Percepcións das diferentes definicións de Traballo Social	26
I.2.2. Teoría e praxe: as dúas caras da mesma moeda	28
I.2.3. Dimensión ética e deontolóxica do Traballo Social	29
I.2.4. Coñecemento e visión do Traballo Social	31
I.2.5. Situación contextual e implicacións para o Traballo Social	32
I.3. Os colexios de traballo social: labor e valoración das persoas colexiadas	33
II. PROCESO METODOLÓXICO	35
II.1. Obxectivos	35
II.2. Poboación obxecto de estudo	35
II.3. Técnica de recollida de datos.....	35
II.4. Tratamento de datos	36
II.5. Resumo do traballo de campo	36
III. PRESENTACIÓN, ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DE RESULTADOS.....	37
III.1. Perfil socio-demográfico dos e das traballadoras sociais	37
III.2. Dimensión formativa e investigadora	38
III.3. Dimensión laboral	45
III.4. Datos relacionados coa profesión do traballo social	66
III.5. Datos relacionados co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e contextuais	70
Referencias.....	73
Anexo	76

Índice de táboas

Táboa 1. Sexo dos e das profesionais do traballo social en función dos documentos consultados	8
Táboa 2. Idade das e dos profesionais do traballo social en función dos documentos consultados	9
Táboa 3. Ano de finalización dos primeiros estudos de Traballo Social en función dos documentos consultados.....	11
Táboa 4. Anos de experiencia laboral en función de diferentes estudos realizados en España ..	19
Táboa 5. Tipo de entidade na que exercen a profesión os e as traballadoras sociais enquisadas	20
Táboa 6. Sexo	37
Táboa 7. Idade.....	37
Táboa 8. Lugar de residencia actual das persoas colexiadas	38
Táboa 9. Motivo da elección dos estudos de traballo social	38
Táboa 10. Lugar de realización dos primeiros estudos de traballo social	39
Táboa 11. Ano de finalización dos estudos.....	39
Táboa 12. Adaptación ao grao en traballo social.....	40
Táboa 13. Lugar de realización dos estudos de adaptación ao grao en Traballo Social	40
Táboa 14. Outros estudos a maiores da titulación en traballo social	41
Táboa 15. Tipo de estudos a maiores da titulación en traballo social.....	41
Táboa 16. Número de investigacións realizadas no ámbito do traballo social	41
Táboa 17. Número de artigos publicados relacionados co traballo social	42
Táboa 18. Número de comunicacións presentadas relacionadas co traballo social	42
Táboa 19. Número de libros escritos de forma individual	43
Táboa 20. Número de libros escritos en colaboración con outras persoas autoras	43
Táboa 21. Áreas nas que os e as profesionais do Traballo Social contan con formación de máis de 50 horas.....	44
Táboa 22. Situación laboral.....	45
Táboa 23. Situación das persoas en desemprego.....	46
Táboa 24. Tipo de contrato dos e das persoas que exercen a profesión do traballo social.....	46
Táboa 25. Xornada laboral	47
Táboa 26. Tipo de xornada manifestada en función da entidade.....	48
Táboa 27. Tipo de Administración Pública na que exercen a profesión do Traballo Social	48
Táboa 28. Ámbito ou ámbitos de intervención onde exercen a profesión do Traballo Social	50
Táboa 29. Eido no que exercen a profesión do Traballo Social	51
Táboa 30. Distancia que teñen os e as traballadoras sociais dende o seu domicilio ao posto de traballo	51
Táboa 31. Frecuencia dos desprazamentos no posto de traballo	51
Táboa 32. Frecuencia dos desprazamentos manifestada segundo o tipo de entidade.....	52
Táboa 33. Medio de transporte utilizado para levar a cabo os desprazamentos	53
Táboa 34. Ingresos anuais netos dos e das traballadoras sociais en activo.....	53
Táboa 35. Variación do salario nos últimos cinco anos.....	55
Táboa 36. Tramo de variación salarial.....	56
Táboa 37. Satisfacción co exercicio da profesión do Traballo Social.....	56
Táboa 38. Grao de satisfacción manifestado en función do tipo de entidade	57
Táboa 39. Grao de satisfacción media no posto de traballo en función dos ítems establecidos	58
Táboa 40. Situación no posto de traballo en función dos ítems establecidos	58
Táboa 41. Solicitude de baixa por estrés por parte dos e das traballadoras sociais	59
Táboa 42. Baixa por estrés manifestada en función do tipo de entidade	59

Táboa 43. <i>Baixa por estrés manifestada en función da Administración Pública na que exercen a profesión.....</i>	60
Táboa 44. <i>Agresións por parte das persoas usuarias</i>	60
Táboa 45. <i>Agresións manifestadas segundo o tipo de entidade onde exercen a profesión.....</i>	61
Táboa 46. <i>Tipo de agresión manifestadas.....</i>	61
Táboa 47. <i>Valoración media de diferentes aspectos relacionados coa entidade onde exerce a profesión.....</i>	62
Táboa 48. <i>Ilusión por cambiar de traballo.....</i>	62
Táboa 49. <i>Manifestación da ilusión por cambiar de traballo en función do tipo de entidade....</i>	63
Táboa 50. <i>Grado de importancia que lle outorgan na súa vida aos seguintes aspectos.....</i>	64
Táboa 51. <i>Anos de experiencia no eido do traballo social.....</i>	65
Táboa 52. <i>Valoración media das diferentes definicións que hai de traballo social.....</i>	66
Táboa 53. <i>Valoración media das seguintes afirmacións relacionadas coa profesión</i>	66
Táboa 54. <i>Valoración media do coñecemento e recoñecemento da disciplina do traballo social</i>	67
Táboa 55. <i>Revistas do ámbito do traballo social coñecidas polas persoas colexiadas</i>	67
Táboa 56. <i>Revistas do ámbito do traballo social máis lidas polas persoas colexiadas</i>	68
Táboa 57. <i>Opinión das persoas colexiadas sobre elixir de novo a profesión do Traballo Social</i>	68
Táboa 58. <i>Existencia de sentimento de identificación das persoas co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.....</i>	70
Táboa 59. <i>Grado de satisfacción co labor do COTSG.....</i>	70
Táboa 60. <i>Media de satisfacción de diferentes aspectos relacionados co COTSG</i>	71
Táboa 61. <i>Valoración da situación contextual actual por parte das persoas colexiadas</i>	72

Índice de figuras

<i>Figura 1.</i> Tipo de xornada segundo a entidade na que traballan	47
<i>Figura 2.</i> Idade das persoas traballadoras en función da entidade	49
<i>Figura 3.</i> Ingresos anuais netos dos e das traballadoras sociais segundo a entidade	54
<i>Figura 4.</i> Ingresos anuais netos en función do tipo de xornada laboral	54
<i>Figura 5.</i> Variación do salario non últimos cinco anos en función da entidade	55
<i>Figura 6.</i> Grao de satisfacción en función do tipo de entidade	57
<i>Figura 7.</i> Baixa por estrés manifestada en función do tipo de entidade	60
<i>Figura 8.</i> Manifestación da ilusión por cambiar de traballo en función do tipo de entidade.....	64
<i>Figura 9.</i> Anos de experiencia no ámbito de traballo en función do tipo de entidade.....	65
<i>Figura 10.</i> Opinión das persoas colexiadas sobre elixir de novo a profesión do Traballo Social en función do grao de satisfacción exercendo a disciplina	69

INTRODUCCIÓN

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (en diante COTSG) é unha corporación de dereito público que ordena e representa os intereses da profesión e dos e das traballadores/as sociais colexiados/as no seu ámbito territorial. Unha das súas funcións, segundo o artigo 8.b) dos Estatutos do COTSG, é a de realizar estudos que versen sobre as condicións do exercicio da profesión de Traballo Social.

O Traballo Social é consecuencia dunha construción socio-histórica, que xurde como profesión seguindo a Riera (1998), de forma paralela ao recoñecemento de dereitos humanos, e da implantación paulatina dos chamados Estados sociais e de dereito. Pódese definir como unha ciencia que busca o coñecemento amplo das estruturas, dos procesos sociais, do comportamento humano e do cambio social, permitíndolle á profesión formular teorías e modelos de intervención en traballo social, que promovan o desenvolvemento, a cohesión, o fortalecemento e o cambio social. Procura, polo tanto, o empoderamento das persoas, grupos e comunidades, mobilizando as súas capacidades e recursos para que acaden a autodeterminación, converténdose en axentes do seu propio cambio. A misión da disciplina é lograr o benestar e a xustiza social.

O contexto actual, caracterizado por unha situación de crise con altas taxas de desemprego, maior número de persoas en situación de risco e/ou exclusión social, persoas traballadoras pobres, persoas que perden a súa vivenda, etc.; unido aos recortes en servizos sociais, saúde, educación, etc., fan que o Estado de Benestar se cambalee. Isto repercute innegablemente na vida das persoas, na consecución do *telos* da disciplina do Traballo Social, é dicir, no seu benestar e na súa calidade de vida e, por ende, nos e nas profesionais do Traballo Social.

O primeiro e segundo informe sobre os Servizos Sociais en España coordinados por Lima (2014, 2015), sinalan en relación ao labor dos e das traballadoras sociais, un incremento da demanda, situando o aumento en Galicia nun 74,2% (2013, p.16), un menor número de persoas contratadas nos seus departamentos (nun 33,0% no estudo con datos do 2012, e nun 29,0% con información do ano 2013), valoración de carga de traballo elevada e moi elevada nun 86,0%, existencia de recortes, etc., (Lima, 2015).

En relación aos principais problemas no seu día a día como profesionais refiren: o alto número de demandas e os poucos recursos para facerlles fronte, nun 54,0%, e en segundo lugar, a excesiva carga de traballo, o estrés e a saturación, nun 17,0% (Lima, 2015). Estudos sobre o desgaste profesional ou síndrome do Burnout, como resposta ao estrés laboral crónico,

indican unha tendencia a sufrir este fenómeno por parte dos e das profesionais do Traballo Social (Lázaro, 2004; De la Fuente e Sánchez-Moreno, 2012; Facal, 2012).

Os e as traballadoras sociais, debido á realidade actual, de deconstrución do Estado de Benestar, estanse a atopar con novos retos e dilemas para poder perseguir a misión da disciplina. Como sinalan Abad e Martín (2015), sitúan novamente no centro a tensión que ven acompañando á profesión dende os seus inicios, é dicir, aquela que contrapón a lóxica da acción social, emancipadora e de cambio social, coa lóxica máis tradicional, a asistencialista. Ambas autoras, refiren que a tensión entre a lóxica da acción social, e a lóxica da asistencia, se resolve institucionalmente do lado da segunda, pois, desde un punto de vista do mandato, desaparece a posibilidade de facelas confluír, instaurando procedementos de ensaio-erro abertos aos cambios, e sometidos a técnicas de xestión racionalizadoras, que obrigan aos e ás profesionais do Traballo Social a responder ás esixencias organizativas que priman o cuantitativo na xustificación das intervencións (relación costes-beneficios, número de persoas atendidas, etc.), en detrimento da verdadeira esencia da profesión, que se fundamenta nas relacións humanas.

O COTSG, sendo consciente desta conxuntura, dos continuos cambios a nivel profesional e social, considera clave coñecer e elaborar un diagnóstico da situación dos e das profesionais do traballo social da Comunidade Autónoma de Galicia, dando resposta ás seguintes cuestións: cal é o perfil nas súas dimensións sociodemográficas, formativas e laborais; cómo se senten no eido laboral, cal é a súa visión do traballo social e do contexto de actuación, e cómo valoran a labor do COTSG.

Se ben existen algúns estudos que analizan a situación dos e das traballadores/as sociais (Estruch e Güell, 1976; Bañez, 2005; Cuesta, 2007; Berasaluce e Berrio-Otxoa, 2008; Gómez, 2010; Torices, 2013; Cabezas, De Armas e Sabater, 2014; Lima, 2015), no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, estes son escasos e pouco actuais. Un deles é de García Marín (1997) e leva por título “Aproximación sociolóxica aos Servizos Sociais”, e o outro, ten como persoas autoras a Torices (2010) e Gómez García (2010). Este último, ten un carácter máis específico, centrándose na situación e o perfil dos e das profesionais do traballo social de Galicia.

Ambos estudos, son promovidos por persoas particulares, o que xustifica a necesidade de investigar dende a entidade colexial, nun tema que se considera de gran interese e preocupación para a disciplina. Isto permitiralle ao COTSG construír un maior coñecemento científico, que sirva como punto de partida para deseñar novas estratexias de actuación e

reivindicación que redunden nunha mellora da visión e da situación dos e das traballadores/as sociais en Galicia, así como para crear un observatorio, vinculado a esta temática, que posibilite o avance no coñecemento, a revisión e a actualización dos datos, para incidir paulatinamente no estado da cuestión.

I. MARCO TEÓRICO

I.1. Perfil dos e das traballadoras sociais

I.1.1. Variables socio-demográficas

Sexo

Dende os seus inicios, a profesión do traballo social, estivo representada principalmente por mulleres. Estudos similares sobre a situación do traballo social e dos e das profesionais da citada disciplina, seguen a confirmar esta realidade, tal e como se pode evidenciar na táboa seguinte.

Táboa 1. *Sexo dos e das profesionais do traballo social en función dos documentos consultados*

Título	Persoas Autoras	Ano	Datos relativos ao sexo %	
			M	V
<i>Sociología de una profesión. Las asistentes sociales</i>	Estruch y Güell	1976	99.6	0.4
<i>Aproximación sociológica a los servicios sociales</i>	García Marín	1997	98.9	1.1
<i>Del Trabajo Apostolado a la profesionalización. Análisis de la profesión del Trabajo Social en Aragón</i>	Báñez	2005	92.8	7.2
<i>Situación laboral de las trabajadoras sociales en la Rioja</i>	Cuesta (Coord.)	2007	95.3	4.7
<i>El ejercicio profesional del Trabajo Social Hoy</i>	Berasaluze e Brerrio-Otxoa	2008	94.6	5.4
<i>El Trabajo Social en Castilla y León. Estudio sociológico de una profesión</i>	Gómez García	2010	93.4 ¹	6.6
<i>As diplomadas en traballo social e asistentes sociais de Galicia</i>	Torices	2010	93.8	6.2
<i>Trabajadoras sociales del siglo XXI: su perfil actual</i>	Torices	2013	89.5	9.3
<i>La situación sociolaboral del Trabajador Social en la Rioja</i>	Cabezas et al.	2014	92.6	7.4 ²
<i>II Informe sobre los servicios sociales en España</i>	Lima (Coord.)	2015	83.0	17.0

¹ Os datos que contempla o artigo son do ano 2004.

² O 1.25% restante resposta non sabe ou non contesta.

Os datos mostran unha constante feminización da profesión do Traballo Social. A explicación a esta realidade pode atoparse nas relacións de xénero e, concretamente, na asignación de roles que ao longo da historia, e a través dos procesos de socialización, se veñen vinculando a ambos xéneros. A figura feminina, se lles soen asignar actividades e tarefas relacionadas co espazo doméstico, con funcións de carácter reprodutivo, de asociación co coidado de outras persoas; en tanto que aos homes, se lle asignan roles vinculados ao espazo público, con funcións de carácter produtivo. Isto, sumado aos estereotipos que se atribúen ás mulleres (sensibles, abnegadas, tenras, ...) e ós homes (fortes, autónomos, que reprimen os sentimentos, ...), repercute na imaxe, no estatus da disciplina do traballo social, e nos e nas profesionais que a exercen.

Cabe sinalar, que no estudo coordinado por Lima (2015), no que participaron un total de 100 traballadoras/es sociais, a porcentaxe de homes (17.0%) é lixeiramente superior á reflectida anteriormente polas outras persoas autoras. Estes datos poderían indicar que hai un aumento de persoas do sexo masculino vinculadas á disciplina do traballo social, pero debido ao tipo de estudo, ao número de persoas participantes, así como a falta de estudos recentes sobre a temática, non se pode xeneralizar esta afirmación.

Idade

Táboa 2. Idade das e dos profesionais do traballo social en función dos documentos consultados

Título	Ano e lugar	Datos relativos á idade	
		Media Anos ($\bar{x}$)	%
<i>Sociología de una profesión. Las asistentes sociales</i>	1976 Cataluña	40.00	18.0 de 26-30 anos e de 41 a 45anos 5.0 máis de 60 anos
<i>Aproximación sociológica a los servicios sociales</i>	1997 A Coruña	Non consta	86.2 menos de 37 anos 4.6 maiores de 43 anos
<i>Del Trabajo Apostolado a la profesionalización. Análisis de la profesión del Trabajo Social en Aragón</i>	2005 Aragón	Non consta	41.1 menores de 31 anos
<i>Situación laboral de las trabajadoras sociales en la Rioja</i>	2007 A Rioxa	35.42	51.3 menos de 35 anos 22.1 de 30-34 anos 19.5 de 35-39 anos 0.4 de 60 ou más anos

<i>El ejercicio profesional del Trabajo Social Hoy</i>	2008 País Vasco	38.00	45.4 de 21-35 anos 42.7 de 36-50 anos 11.9 de 51-60 anos
<i>El Trabajo Social en Castilla y León. Estudio sociológico de una profesión</i>	2010 Castela e León	37.89	22.9 menos de 31 anos 63.6 menos de 41 anos 1.6 máis de 60 anos
<i>As diplomadas en traballo social e asistentes sociais de Galicia</i>	2010 Galicia	38.00	76.7 menor de 41 anos (39.1 de 31-40 anos e 37.7 entre 21-30 anos) 0.7 a partir de 61 anos
<i>Trabajadoras sociales del siglo XXI: su perfil actual</i>	2013 España	35.00	67.9 menos de 40 anos 35.5 de 21-30 anos 32.4 de 31-40 anos 0.2 a partir de 61 anos
<i>La situación sociolaboral del Trabajador Social en la Rioja</i>	2014 A Rioxa	35.00	40.9 de 31-40 anos 28.0 de 41-50 anos 21.7 de 51-60 anos 1.7 máis de 60 anos
<i>II Informe sobre los servicios sociales en España</i>	2015 España	41.70	39.0 de 35-44 anos 32.0 de 45-54 anos 8.0 de 55-64 anos 3.0 de 18-24 anos

A media de idade, trala análise dos documentos consultados, sitúase en 37.75 anos, o que indica que as persoas que participan nos estudos caracterízanse pola súa xuventude, destacando os tramos de idade inferiores a 41 anos. As porcentaxes menores atópanse no intervalo de idade de 60 e máis anos, agás no caso da última investigación de 2015, na que o 3.0% das persoas, están na franxa de idades comprendidas entre os 18 a 24 anos.

Provincia e municipio de residencia

O único estudo que se atopou sobre a situación e o perfil profesional en Galicia é de Torices (2010). Nel, non se especifica a provincia de residencia das persoas participantes (146).

Outro dos documentos consultados, elaborado por García Marín (1997), na provincia de A Coruña, tampouco detalla datos relativos aos municipios de residencia das persoas

enquisadas, polo que non se contan con datos para comparar os resultados do presente informe.

I.1.2. Dimensión formativa

Período de finalización dos estudos

Táboa 3. *Año de finalización dos primeiros estudos de Traballo Social en función dos documentos consultados*

Título	Lugar e ano	Datos finalización estudos %
<i>Sociología de una profesión. Las asistentes sociales</i>	Cataluña 1976	35.0 entre 1961-1965 23.0 entre 1966-1970
<i>Situación laboral de las trabajadoras sociales en la Rioja</i>	A Rioxa 2014	27.1 a partir do ano 2000 38.5 na década dos 90 (19.9% entre 1990-1994) 17.2 de 1985 a 1989
<i>El ejercicio profesional del Trabajo Social Hoy</i>	País Vasco 2008	O 50.0 obtiveron os seus estudos antes do ano 1992, e por termo medio en 1990 1995 ano en que máis persoas se diplomaron
<i>La situación sociolaboral del Trabajador Social en la Rioja</i>	A Rioxa 2014	41.0 entre 2001-2009 24.5 entre 1991-2000 21.8 entre 1981-1990

En relación a data de finalización dos estudos, quitando a investigación de Estruch e Güell (1976), que pola época na que se realizou conta coas súas propias peculiaridades, destacan por terminar os mesmos na década dos anos 90, e tamén a partir do ano 2000.

Centro realización estudos de traballo social

A primeira escola que implantou os estudos de traballo social en Galicia foi a fundada en 1957 polo P. Francisco Gómez Fernández, en Santiago de Compostela, baixo o nome de Escola de Asistentes Sociais. Ata 1999, a súa personalidade xurídica, foi ostentada pola Escola de Ensinanza Social de Galicia. Posteriormente, pasa a depender da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais. No ano 1993, a coñecida actualmente como Escola Universitaria de Traballo Social de Galicia, convértese nun centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela. Conta cun percorrido de máis de 59 anos no ámbito formativo na disciplina do Traballo Social.

No curso académico 1991-1992 a Universidade de Vigo, no seu Campus de Ourense, oferta por primeira vez a Diplomatura en Traballo Social como ensino de carácter público. A Facultade de

Ciencias da Educación, na que se integraron os citados estudos, contaba cunha longa tradición de formación universitaria en maxisterio e humanidades. No ano 1991 tamén implantan os estudos universitarios de educación social.

Na Comunidade Autónoma de Galicia hai tres centros adscritos (A Coruña, Pontevedra e Lugo) da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), que ofertan os estudos de Traballo Social.

Elección dos estudos

A elección dos estudos está profundamente ligada a cuestións de carácter contextual, persoal, familiar, social, político, etc. polo que, o perfil profesional e as motivacións de elección da profesión do Traballo Social, vanse mudando ao longo da historia.

Unha das palabras que habitualmente se empregan, no que atinxe á elección dunha profesión, é a de vocación. Para Estruch e Güell (1976) os termos profesión, vocación e chamada están vinculados na súa orixe a dimensións relixiosas. Na investigación que realizaron ambos autores, o 13.7% das persoas participantes, sinalaron a vocación como motivo de elección da carreira de Traballo Social. O 24.0% pola súa dimensión social, o 16.3% por axudar ao próximo dende o altruísmo, e o 15.7%, por ampliar a formación. Os ítems menos frecuentes, ambos representados por unha porcentaxe do 2.3%, son os de perspectivas de futuro e o de ser axentes de cambio, algo que segundo as persoas autoras se xustifica polo contexto de posguerra que se estaba a vivir naquela época.

Cabezas et al. (2014) informan que, nos seus inicios, o Traballo Social identificábase cunha labor claramente asistencial, dirixida principalmente a persoas en situación de pobreza extrema, o que condicionaba a elección dos estudos, cunha clara vocación por cuestións humanistas cristiáns e pola entrega ás persoas que máis o precisaban.

No estudo de Gómez García (2010), o 78.7% das persoas participantes, indicaron que escolleron a formación universitaria de Traballo Social por vocación, interese e disposición respecto a cuestións sociais. O 10.9% por non poder ter acceso á carreira que marcaran como primeira opción, ou por circunstancias académicas. O 8,0% por percibir que era unha carreira con máis saídas e oportunidades laborais e o 2.4%, por outras razóns. Algúns dos datos son similares aos obtidos pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación

(ANECA), nunha enquisa de inserción laboral para titulados/as do ano 2000, que figura no *Libro Blanco Título de Grado en Trabajo Social*, e que salienta o carácter vocacional dos estudos, contestando afirmativamente a esta cuestión o 75% das persoas enquisadas (Vázquez, 2004).

En relación á profesión do Traballo Social, Matus (2015) pon en dúbida que unha persoa curse os estudos de traballo social porque desexe facer algo pola xente, crendo que nas aulas se atoparán con elas. Para ela, se unha persoa ten esa paixón no corazón, pode desenvólvela de moitas maneiras, non precisa facer traballo social. O punto para ela é buscar a resposta á pregunta: que lle agrega a disciplina do traballo social a esa paixón?.

Ao longo da historia, o traballo social camiña e loita por converterse nunha disciplina, nunha profesión de cambio, para promover o maior benestar posible na cidadanía, e acadar a xustiza social. Neste senso, Matus (2015), sinala a importancia de deconstruír as categorías sociais existentes que oprimen as persoas, algo que supera a concepción tradicional de axuda.

Formación en Grao en Traballo Social

Os estudos de Grao en Traballo Social iníciáanse nas universidades españolas no ano 2008. Durante o proceso de implantación do Plan Bolonia, realízanse investigacións como a de Torices (2010, 2013). No seu estudo de 2013, de carácter nacional, o 91.7% das persoas participantes refiren que están dispostas a validar o seu título. Previamente, Berasaluze e Berrio-Otxoa (2008) obtiveron un dato lixeiramente inferior, en concreto, o 70.5% sinalou mostrarse disposta a realizar o grao, utilizando para preguntar o termo convalidación.

No caso de Galicia, Torices (2010) reflicte datos similares aos obtidos no estudo de carácter estatal, en concreto, o 91.5% sinala que as motivacións están vinculadas a atopar novos e/ou mellores postos de traballo, acceso a novos niveles de formación e tamén polo desexo de actualizarse a nivel formativo.

Os estudos de Torices (2010, 2013) falan de validación e Berrio-Otxoa (2008) e convalidación, e neste senso, é importante clarificar a terminoloxía, porque a interpretación que as persoas enquisadas lle puideron dar aos termos, puido influír na alta porcentaxe de respostas afirmativas sobre a adaptación ao título de Grao en Traballo Social.

Durante o proceso de implantación do grao e da oferta dos cursos de adaptación para diplomados e diplomadas en Traballo Social, foron numerosas as dúbidas que os e as profesionais fixeron aos colexios profesionais, e que seguen a sucederse. Principalmente, as consultas se refiren á correspondencia e equiparación do seu título prebolonia á formación de Grao en Traballo Social, así como no tocante á implicación que isto pode ter a nivel profesional.

Unha das aclaracións máis frecuentes é que non é o mesmo o proceso de correspondencia que o de equiparación. A correspondencia ao nivel II do Marco Español de Cualificación para a Educación Superior (MECES) e ao nivel 6 do Marco Europeo, xurde da necesidade de evitar calquera tipo de confusión, para que as persoas que realizaron a carreira en Traballo Social con plans de estudo antigos, non teñan problemas para traballar fora de España. En ningún caso, os e as diplomadas en traballo social, poden mediante a correspondencia (proceso vixente para os diplomados/as en Traballo Social dende febreiro de 2016) obter o grao en Traballo Social, para isto é preciso realizar un curso ponte ou de adaptación da Diplomatura ao Grao, que da dereito a un novo título.

A normativa de referencia en relación a esta temática é o Real Decreto 967/2014, que establece os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia á titulación e ao nivel académico universitario oficial para validar estudos estranxeiros de educación superior, así como o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do Marco Español de Cualificación para a Educación Superior dos títulos oficiais de arquitecto/a, enxeñeira/o, licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a técnico/a e diplomado/a.

Na normativa figuran termos como o de homologación, que tamén xeraron dúbidas e erros na interpretación, sendo preciso informar que este termo alude ao proceso que deben seguir as persoas que teñen un título universitario estranxeiro, e desexan obter un certificado que iguale a súa formación a carreira universitaria correspondente en España.

En relación aos datos de estudos sobre a adaptación ao grao en Traballo Social, Cabezas et al. (2014), informan que a maioría das persoas contan unicamente coa diplomatura en Traballo Social, e só, un 3.6%, cursou o Grao en Traballo Social. Este resultado pode vir motivado pola recente instauración dos estudos postbolonia.

Os estudos de grao en Traballo Social enténdense como algo positivo para a profesión, de feito, dende o ano 1998, a Conferencia de Directores de Escuelas de Trabajo Social e o Consejo

General del Trabajo Social, viñan traballando de forma conxunta para acadar a transformación da antiga Diplomatura en Traballo Social á Licenciatura, presentando o 8 de maio de 2000 no Consejo de Universidades a memoria xustificativa da licenciatura en Traballo Social (Vázquez, 2004). Este proceso quedou paralizado, pero supuxo un gran avance na elaboración do *Libro Blanco do Título de Grado en Trabajo Social*, que se publica no ano 2004, e que recolle: “se entiende que la propuesta de un título de 240 créditos está dirigida a garantizar una formación suficiente para el desarrollo adecuado de actividades profesionales en una realidad social muy compleja” (Vázquez, 2004, p.8).

É importante seguir investigando esta realidade, para ver en qué medida, os datos iniciais sobre as expectativas de adaptarse ao Grao en Traballo Social se cumpren, e cómo poden influír no status, na visión da profesión e na situación laboral dos e das traballadoras sociais.

Existencia doutros estudos a maiores da titulación en Traballo Social

Son varios os estudos relacionados coa disciplina que indagan sobre a cuestión de si os e as profesionais do Traballo Social contan con outras titulacións a maiores. No informe coordinado por Cuesta (2007) maniféstase que un 10% das persoas enquisadas ten outra titulación, destacando entre elas: Ciencias do Traballo (38.9%), Antropoloxía (15.7%), Dereito (15.7%) e Psicoloxía (11.1). Na mesma liña, Berasaluze e Berrio-Otxoa (2008) afirman que un 16.0% das persoas teñen estudos posteriores, das cales o 5.2% correspondentes á diplomatura e, o 82.8%, á licenciatura (82.8%), salientando por orde as titulacións de Socioloxía e Antropoloxía, seguidas do Dereito, da Psicoloxía, etc. Estes datos incrementanse e son extensibles a outros estudos como o de Gomez García (2010), no que un 25.5% das persoas realizou ou cursa outros estudos universitarios. Neste senso manifesta:

La existencia de nuevas licenciaturas de segundo ciclo (Antropología Social y Ciencias del Trabajo), por un lado, y la posibilidad de completar formación universitaria mediante acceso al segundo ciclo de determinadas licenciaturas de Ciencias Sociales (Sociología y Comunicación Audiovisual), por otro, han conseguido un incremento en la formación de los trabajadores sociales en los últimos diez años (Gómez García, 2010, p. 64).

Na Comunidade Autónoma de Galicia Torices (2010) informa que o 29.4% das persoas enquisadas conta con outra titulación, das cales, un 10.8% teñen unha licenciatura, o 8.9% unha diplomatura, un 7.3% mestrado e, só un 2.4%, estudos de posgrao. Neste último caso, o

dato é significativamente diferente ao obtido por Berasaluze e Berrio-Otxoa (2008) no que un 39.5% manifestar ter completado os estudos de posgrao.

Son poucas as investigacións que reflicten o número de persoas doutoradas vinculadas á disciplina do Traballo Social, non atopando informes recentes neste eido na Comunidade Autónoma de Galicia. Gómez García (2010) indica que no seu estudo participan tres persoas doutoradas e oito que están en proceso. No caso destas últimas, o 75.0% está dentro de programas de doutoramento en Socioloxía.

Participación en investigacións e autorías de libros, artigos e comunicacións

A disciplina do Traballo Social busca coñecer as estruturas, os procesos sociais, o comportamento humano e as súas situacións, a realidade social, etc., polo que é necesario que reciba achegas do eido da investigación para formular teorías e modelos de intervención, que doten de rigor á profesión e promovan o fortalecemento e o cambio social.

Segundo Rubio e Varas (1997), a análise da realidade é unha tarefa complexa que require de coñecementos teóricos e técnicos, así como de creatividade intelectual e imaxinación, en definitiva, sistematización, intuición e capacidade para afrontar retos.

Algunhas das críticas que ten recibido a disciplina é a da escasa existencia de produción científica e bibliográfica. Neste senso, Di Carlo e Bea (2005) recollen no seu artigo sobre a importancia da investigación, que este ámbito non ocupa un lugar importante na prácticas dos e das profesionais do Traballo Social.

Paulatinamente, esta situación estase a mudar, quizás tamén motivada pola implantación dos estudos de grao, o acceso á formación de postgrao, doutoramento, etc. Cabe salientar, que no eido do Traballo e da Saúde no ámbito anglosaxón, o número de publicacións baseadas na evidencia, foi moito maior que noutros ámbitos relacionados co Traballo Social. Rubiol citada en Gaitán (1991) lembra a necesidade de aumentar o número de investigacións para e sobre a disciplina, na que sexan partícipes os e as traballadoras socias.

Lembrar novamente, que no estudo sociolóxico de Gómez García (2010), realizado en Castela e León, só 3 persoas contaban con estudos de doutoramento e 8 estaban en proceso.

A tarefa de investigación figura entre a menos desempeñada polos traballadores e traballadoras sociais participantes no estudo realizado en Galicia de Torices (2010). Esta mesma autora, recolle nunha investigación de carácter nacional do ano 2013, que o 35.9% das persoas enquisadas, non participaron ao longo da súa traxectoria profesional en ningunha investigación. O 47.3% o fixo nalgunha ocasión; esporadicamente, o 12.4% e, con frecuencia, só o 4.4%. Tampouco se trata dunha actividade que se incentive dende os centros de traballo, sinalando o 39.8% que é inexistente, excepcional ou illada no 44.3%, e habitual, no 15.9%.

Matus (2006) fala dos retos que temos como sociedade no eido das políticas sociais, vinculados á mellora dos índices de desigualdade, da calidade e cobertura no eido educativo e social, así como o incremento da inversión no desenvolvemento do coñecemento. Sostén que as ciencias sociais non poden obviar estes desafíos complexos e interrelacionados, e que non pode ser fillas dun saber paralizado, porque o coñecemento se volve anticuado nun período de sete anos. As novas realidades esixen de novas creacións.

Convén lembrar aquí a frase de Di Carlo e Bea (2005): “una investigación bien realizada está en la base de una acción inteligente desde el punto de vista profesional” (p.33).

Áreas da formación continua especializada

Estudos como o de Cuesta (2007), Gómez García (2010), etc., indican que é habitual que os e as traballadoras sociais participen en actividades formativas continuas de carácter especializado.

En relación coas temáticas Cuesta (2007) informa que as áreas onde maior docencia reciben os e as profesionais son as de infancia/familia (32.2%) e persoas maiores (31.4%), seguido do eido da discapacidade (27.5%) e da informática (25.8%). O ámbito da familia tamén é o máis significativo no estudo de Gómez García (2010). O mesmo autor refire que a formación en saúde representa o 8.2%, migracións o 6.7% e novas tecnoloxías o 6.1%.

I.1.3. Dimensión laboral

Situación laboral

O estudo de Torices (2010), que aborda a dimensión laboral-profesional, indica que o 89.7% dos e das traballadoras sociais enquisadas se atopan exercendo a profesión. O 4.1% están en activo, pero en outros postos non vinculados ao traballo social, sendo a porcentaxe de persoas paradas dun 4.8%. Os datos de Galicia, en relación ás persoas que exercen a disciplina e que traballan noutros sectores, son similares aos do estudo de Torices (2013) de carácter nacional. Neste último, as persoas que se atopan exercendo a profesión, ascenden ao 80.6%. O 4.6% a exerce fóra do eido do traballo social, e as persoas situación de desemprego só representan o 2.1%, dato inferior ao da Comunidade Autónoma de Galicia (4.8%).

En investigacións recentes, como a de Cabezas et al. (2014), a porcentaxe de persoas que se atopa en activo pero que non exercen como traballadores/as sociais, ascende notablemente, en concreto, nun 29.5%. Isto tamén sucede co número de persoas en situación de desemprego, que representan o 16.1%. A porcentaxe de persoas que traballan no eido do traballo social é dun 54.4%.

Tipo de contrato

Segundo o tipo de contrato, a investigación de Torices (2010) sobre a situación en Galicia, refire que o 53.9% das persoas é indefinida. O 35.5% sinala estar en situación de eventualidade, e o 10.6%, indica outros tipos de contrato. Este perfil é coincidente cos datos aportados polo estudo de Torices (2013) relativos a diferentes comunidades autónomas. No mesmo, o 55.6% conta con contrato indefinido, fixo ou como funcionarios/as. O 34.3% está en situación de temporalidade, e o 9.1% restante, con outros tipos de contratos. Dita información tamén é similar á obtida no País Vasco por Berasaluze e Berrio-Otxoa (2008), xa que un pouco máis da metade, o 54.0%, refire unha situación indefinida e o 34.5% restante, a eventual. En estudos como o de Gómez (2010), as porcentaxes que representan a relación contractual indefinida é lixeiramente superior a dos estudos de Torices (2010 e 2012), en concreto, as persoas en situación indefinida, están representadas por un porcentaxe do 70,0%, e a relación laboral temporal, supón un 30,0% do total.

Os datos anteriores distan dos obtidos por García Marín (1997) na provincia de A Coruña, nos que a eventualidade (60.9%) supera aos contratos fixos e de funcionariado (48.3%).

En relación ao tipo de xornada, no último estudo de Torices (2010) en Galicia, a maioría das persoas, conta con traballo a xornada completa (90.7%), mentres que a xornada parcial, está representada polo 9.4%. No estudo publicado pola mesma autora, no ano 2012, que engloba máis comunidades autónomas, informa de que a porcentaxe de persoas con xornada laboral a tempo completo é relativamente inferior, en concreto, dun 85.8%. Isto mesmo sucede cos datos do País Vasco de Berasaluze e Berrio-Otxoa (2008), que indican que o 82.4% está traballando a xornada completa.

Experiencia

Táboa 4. Anos de experiencia laboral en función de diferentes estudos realizados en España³

Título	Lugar	Ano	Media de exercicio en anos ($\bar{x}$)
<i>El ejercicio profesional del Trabajo Social Hoy</i>	País Vasco	2008	13,00
<i>El Trabajo Social en Castilla y León. Estudio sociológico de una profesión</i>	Castela e León	2010	9,00
<i>As diplomadas en traballo social e asistentes sociais de Galicia</i>	Galicia	2010	8,47
<i>Trabajadoras sociales del siglo XXI: su perfil actual</i>	España	2013	8,18
<i>La situación sociolaboral del Trabajador Social en la Rioja</i>	A Rioxa	2014	9,20

A media de anos dos cinco estudos revisados, que conteñen datos relativos aos anos de experiencia laboral, sitúase nun 9.57, sendo o dato menor de 8.18 anos e o máximo de 13.00 anos.

³ Contémplanse só os datos dos estudos que incorporan media.

Tipo de entidade

Táboa 5. Tipo de entidade na que exercen a profesión os e as traballadoras sociais enquisadas

Lugar e Ano	Datos tipo entidade					
	Administración %				Terceiro Sector %	Empresa Privada %
	Local	Provincial	Autonómica	Estatal		
A Ríoxa, 2007	54.0				35.3	7.6 ⁴
	47.6	-	48.4	4.1		
País Vasco, 2008	67.2				22.6	10.1
	61.8	17.6	16.1	4.5		
Castela e León, 2010	63.7				27.1	9.2
	14.4	17.1	27.4	4.8		
Galicia, 2010	52.3				32.3	15.4
	30.0	1.5	20.0	0.8		
España, 2013	55.4				31.6	13.0
	28.5	2.8	22.5	1.6		
A Ríoxa, 2014 ⁵	39.6				24.5	23.6
	20.9	-	16.4	2.3%		
España, 2015	85.7				9.4	4.4 ⁶
	66.0	5.0	9.0	-		

Na maioría dos estudos, unha alta porcentaxe exerce a profesión do Traballo Social na Administración e, principalmente, no eido local, seguido da administración autonómica. Na investigación realizada en Galicia por Torices (2010), o 52.3% exerce a súa labor na administración (o 30.0% no eido local). O 32.3% atópase no eido do terceiro sector, dato similar ao obtido coordinado por Cuesta (2007), que reflicte unha porcentaxe do 35.3%. Nas restantes investigacións, as persoas que traballan no terceiro sector como traballadores e traballadoras sociais, son un grupo lixeiramente inferior, destacando o caso do estudo de Lima (2015), cun 9.0%. O sector, no que exercen en menor medida a profesión os e as traballadoras sociais, é no eido privado lucrativo, sendo o dato máis elevado no estudio de Cabezas et al. (2014), cun 23.6%. No caso de Galicia o sector lucrativo está representado por un 15.4%.

⁴ Incorporan unha clasificación de organismos autónomos cun 3.1% para referirse as persoas que exercen por conta propia.

⁵ Figuran datos que non se agrupan en ningunha das categorías anteriores, como un 0.5% en sindicatos e un 11.8% en residencias da terceira idade.

⁶ Un 0.6% sinala neste estudo a categoría de outros.

Ámbitos exercicio profesión traballo social

Facer unha comparativa entre as diferentes investigacións sobre os ámbitos de exercicio da profesión do traballo social non é algo sinxelo, debido fundamentalmente á diversidade de tipoloxías atopadas. Tendo en conta o anterior, recóllense os principais datos sobre esta temática existentes nos estudos revisados.

Bañez (2005) sinala que o 63.8% das persoas colexiadas que participaron na investigación exercían a profesión no eido dos servizos sociais. Este resultado é semellante ao obtido noutros estudos. O Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de A Ríoxa, no estudo coordinado por Cuesta (2007), eleva a porcentaxe anterior a un 78.2%, seguido moi por debaixo (11.1%) do sector saúde. Berasaluze e Berrio-Otxoa (2008) indican que o 82.1% das persoas participantes traballan nos servizos sociais, en concreto, o 53.9% en servizos sociais comunitarios básicos, o 45.3% en especializados e 0.8%, en servizos de urxencia. Gómez García (2010) argumenta que constrúen a súa propia tipoloxía para investigar o estado da cuestión, diferenciando entre servizos básicos, que van dirixidos a toda a poboación, e en servizos específicos. Os seus datos indican que a maioría exerce a profesión en servizos sociais de carácter específico (71.6%), destacando a atención ás persoas maiores (16.5%), saúde (11.9%) e persoas con diversidade funcional (10.5%). Os servizos sociais básicos representan o 28.4%. No estudo da Ríoxa de Cabezas et al. (2014) vese a influencia da implantación paulatina da Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, dado que o 36.6% das persoas participantes sinalan este ámbito de traballo.

No caso de Galicia, no estudo de Torices (2010), o 23.9% dos e das profesionais do Traballo Social, atenden a todo tipo de poboación. O 20.0% traballan no eido da diversidade funcional, o 16.2% con persoas maiores, o 11.5% con poboación en situación de exclusión social e o 7.7% en saúde. Destaca a investigadora que o 23.9% exerce no primeiro nivel de atención e o 76.2% na atención específica. Por debaixo do 4.0% se atopan outras áreas como a de adicións (3.1%), muller (3.1%) e familia (3.9%). Con menos do 3.0% estarían as áreas de educación (2.3%) e inmigración (2.3%). O eido das minorías étnicas acada un 1.5%, e por debaixo desta porcentaxe, está o sector do emprego cun 0.8%.

Mobilidade

No estudo de Cuesta (2007), máis da metade dos e das participantes, en concreto, o 58.4%, teñen que desprazarse por motivos de traballo, sendo a mobilidade menor no sector público.

No relativo á frecuencia, hai unha gran diversidade de situacións profesionais. As persoas que sinalaron mobilidade frecuente e moi frecuente, pertencen ao sector público, en concreto, o 58.2%; mentres que o 39.1%, está representado por profesionais do resto de entidades. Estes datos indican que as persoas que traballan na administración pública se desprazan en menor medida, pero as que o fan, realizan os desprazamentos asiduamente. Na mesma investigación, informan que unha terceira parte dos e das Traballadoras Sociais que se atopan en activo, teñen que desprazarse fóra da súa localidade de residencia para exercer a profesión.

Ingresos

O *Colegio Oficial de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales de la Rioja*, na investigación coordinada por Cuesta (2007), resalta a gran variabilidade nos ingresos netos mensuais dos e das profesionais do Traballo Social que exercen a disciplina a tempo completo, sinalando que todos os intervalos entre os 700€ e 2.100€ recollen datos significativos, destacando a franxa que vai dos 1.301€ aos 1.500€ (22.7%). No relativo aos contratos a tempo parcial, o intervalo máis salientable é o que se corresponde cos salarios inferiores a 900€. Ao cruzar a variable dos ingresos co tipo de institución na que traballan, percíbese como os e as traballadoras sociais que exercen no eido público teñen uns ingresos netos superiores (máis de 1.300€) fronte ás persoas que traballan no ámbito da empresa e do sector non lucrativo, no que só un 16.4% supera o dato anterior. Outro aspecto destacable é, que dentro do ámbito público, encontraron diferenzas significativas en función do tipo de administración no que exercen a profesión do Traballo Social, sendo o salario inferior na administración estatal, cuns ingresos mensuais netos entre os 1.100€ e 1.500€; na administración local sinalan un soldo maior, sendo este superior aos 1.700€. No caso, da administración autonómica, mancomunidades e agrupacións, o salario neste estudo, está representado polo intervalo de 1.300€ a 1.700€. Finalmente, Cuesta (2007) recolle que o salario varía en función do tipo de contrato, sendo este máis elevado cando as persoas están indefinidas ou son funcionarias.

No caso de Castela e León, Gómez García (2010) argumenta que a franxa de ingresos destacable no seu estudo é a que vai dos 1.001€ aos 2.000€, representada polo 65.6% das persoas participantes. Destaca a porcentaxe de traballadores e traballadoras sociais que

percibe ingresos mensuais por debaixo dos 1.001€, sendo só superiores a 2.000€ nun 4.1%. Hai unha clara relación entre ingresos, idade e tempo de exercicio na profesión, sendo os salarios inferiores no caso da xuventude, non apreciándose diferenzas significativas en función do xénero.

O estudo de Torices (2013) indica que o 80.0% dos e das traballadoras sociais perciben uns ingresos superiores aos 1.000€/mes, destacando o intervalo de 1.001 a 1.500€, cunha porcentaxe do 39.7%, seguida da franxa salarial de 1.501€ a 2.000€ (30,56). Só un 9.8% percibe unha cantidade superior aos 2.000€. O 4.4% das persoas enquisadas ingresa ao mes de menos de 600€. En relación aos ingresos en función do tipo de entidade, os salarios superiores os perciben as persoas que traballan na Administración Autonómica, mentres que aqueles iguais ou inferiores aos 1.000€/mes, corresponden ao ámbito do terceiro sector de acción social.

Satisfacción no posto de traballo

No tocante a ilusión por cambiar de posto de traballo, na investigación coordinada por Cuesta (2007), máis da metade, das persoas enquisadas, o 66,1%, non desexa mudar, nembargante, o 25.8% si, sendo a maioría traballadores e traballadoras do sector público (35.1%).

No estudo de Galicia de Torices (2010), ante a cuestión relacionada con volver a entrar na profesión do Traballo Social, o 63.6% afirmaron que volverían con toda seguridade a elixir a mesma disciplina, fronte a unha minoría, 2.1% que sinalaron que non.

Os datos das investigacións previas contrastan con resultados obtidos por Gómez (2010), no que os e as profesionais do Traballo Social se caracterizan por manifestar un baixo nivel de satisfacción (48.9%). Só un 40.6% manifesta sentirse satisfeito ou satisfeita coas posibilidades de mellora no seu posto de traballo.

Estrés e situacións de risco

As situacións de estrés laboral poden vir provocadas por múltiples factores:

- Falta de recursos materiais, humanos.
- Excesiva carga de traballo para poder prestar un servizo de calidade.
- Sentimentos de frustración por non poder dar resposta a todas as demandas en tempo e forma.

- Excesiva burocracia.
- Sentir que estás facendo cousas que van en contra dos teus principios.
- Interferencia do traballo na túa vida persoal e familiar e viceversa.
- Que se valore máis o traballo polos datos cuantitativos que polos resultados da intervención.
- Vivencias de situacións conflitivas no eido laboral: superiores/as, compañeiros/as, persoas usuarias.
- Falta de motivación laboral.
- Características do ambiente físico (ruído, temperatura, etc.).
- Incerteza laboral.
- Excesivo control e vivencia de presión.
- Etc.

Segundo Del Hoyo (2004) o estrés, desde unha perspectiva integradora, pódese definir como a resposta fisiolóxica, psicolóxica e de comportamento dunha persoa que intenta adaptarse e axustarse ás presións externas e internas, producíndose un desaxuste entre a persoa, o seu posto de traballo e a propia organización. Isto fai que a persoa perciba que non conta con recursos suficientes para afrontar as dificultades no eido laboral, aparecendo o estrés. As consecuencias soen ser de índole físico, psicolóxico e laboral.

Facal (2012) define o Burnout como unha resposta ao estrés laboral crónico que conleva unhas consecuencias negativas para a persoa e para a institución na que exerce o seu labor profesional. Afirmar a autora que soe iniciarse como resultado da tensión entre as expectativas persoais e a realidade da dinámica laboral. Tanto o seu estudo como o de De La Fuente e Sánchez (2012) recollen a súa vinculación con profesións vinculadas á atención ás persoas, indicando no caso do traballo social unha tendencia a sufrir este síndrome. Na investigación realizada por Facal (2012) a traballadores e traballadoras sociais dos servizos sociais da comarca de Santiago de Compostela, o 66.7%, presentou graos altos de Burnout nalguna das súas dimensións, especialmente na relativa ao esgotamento emocional. Datos similares aos obtidos por De La Fuente e Sánchez (2012), no que o 62.0% das persoas participantes, traballadores e traballadoras sociais, presentan un elevado esgotamento emocional, un 63.0% presentan elevadas actitudes de despersonalización, e un 52.0% ten sentimentos de baixa realización persoal no seu posto de traballo. Conclúen que un 25.3% dos e das profesionais do traballo social enquisados e enquisadas presentan o síndrome de estar queimado polo traballo, coñecido como Burnout.

No estudo de Gómez García (2010), o 31.9% das persoas participantes manifestaron pensar no seu traballo fora do seu horario laboral, e na investigación coordinada por Lima (2015), un 86.0%, sostén que durante o último semestre tiveron que soportar unha carga elevada ou moi elevada de traballo.

Os principais problemas cos que se atopan as persoas no seu labor cotiá son: altas demandas contando con poucos recursos para facerlles fronte, no 54.0% dos casos; excesiva carga de traballo, stres e saturación, nun 17.0%; burocratización (9.0%) e de coordinación e planificación nun 7.0%. Os menos sinaladas foron problemas de tipo político (3.0%) e incertidume laboral cun 4.0% (Lima, 2015).

Cuesta (2007), en relación aos riscos derivados da actividade laboral, refire que o 61.2% dos e das profesionais do Traballo Social perciben perigo para a súa integridade física ou psicolóxica, debido ás situacións nas que se atopan as persoas e as súas familias. Neste senso, convén destacar que perciben maior risco os e as profesionais que se atopan no sector público e, en maior medida, no ámbito municipal. En relación ao Síndrome do Burnout, os resultados reflicten que os e as profesionais do Traballo Social se senten pouco identificados/as con este síndrome, posto que os resultados son baixos, en concreto, a media sitúase nun 2,6.

Nas últimas décadas estase a dar un incremento no número de agresións a profesionais do Traballo Social. O diario a Opinión de Málaga (2015, 15 de outubro) recollía como titular “Los trabajadores sociales denuncian el aumento de las agresiones y amenazas”⁷. Entre outras medidas para abordar esta crecente realidade está a do Colexio Oficial de Trabajadores Sociales de Madrid, que editou unha guía de prevención e actuación para este tipo de supostos, coordinada por Santás (2010). Nela, aparecen como factores do risco os seguintes:

- Postos nos que está presente só un ou unha traballadora social.
- Insuficiente persoal e recursos.
- Masificación nos lugares de espera e/ou mal deseño dos mesmos.
- Existencia de tempos de espera considerados excesivos.
- Excesiva burocracia.
- Falta de formación en prevención e actuación ante este tipo de situacións.
- Ausencia ou déficit de medidas de seguridade.

⁷ <http://www.laopiniondemalaga.es/malaga/2015/10/15/trabajadores-sociales-denuncian-aumento-agresiones/801948.html>

- Traballo con persoas que están en situacións de desigualdade, risco e/ou exclusión social.
- Atención a situación de urxencia e/ou emerxencia.
- Falta de medidas preventivas.
- Escasa conciencia de percepción do risco entre as persoas profesionais.

En Galicia, o Colexio Oficial de Traballo Social, ten constancia de novos casos de violencia a persoas colexiadas, pero non constan estudos na contorna que informen sobre a porcentaxe de incidencia no colectivo de traballadores e traballadoras sociais que exercen na comunidade. No caso dos e das profesionais de enfermmería, figuran datos do estudo realizado na Área Sanitaria Integrada de A Coruña por Martínez, García, Felipez e Castro (2015), no que informan que un 68.3% das persoas participantes no mesmo sufriron algún tipo de agresión, sendo na maioría dos casos por parte de persoas usuarias (32.4%) e familiares (26.9%). No que atinxe ao tipo de violencia, a máis frecuente é a verbal, que representa o 37.2%, seguida da verbal e física nun 18.6% dos casos.

I.2. O contexto actual e a disciplina do traballo social

I.2.1. Percepcións das diferentes definicións de Traballo Social

A análise da definición da disciplina do Traballo Social é unha constante ao longo da historia da profesión. Aínda que non se pode negar a evolución da súa acepción, segue a apreciarse unha certa “indefinición”, sendo en ocasións difícil acoutar o Traballo Social doutras profesións do eido socio-sanitario.

No estudo de Estruch e Güell (1976) aparece unha definición do folleto da Escuela Católica de Enseñanza Social do curso 1942-1943, que definía á persoa asistente social como aquela que “debe procurar que su trabajo se convierta en apostolado y que sus horas no se deslicen al compás de un sueldo, sino que lleven el empuje sublime ideal de ganar para Dios a los que tenga bajo su labor social” (p.155).

A definición anterior amosa unha realidade marcada pola influencia cristiá e pola visión asistencialista e caritativa. Nos anos 60 hai un relativo avance terminolóxico, pero a influencia cristiá segue estando presente. Apréciase no seu argumentario, a incorporación de certos elementos definitorios máis vinculados cunha profesión, e non tanto cunha actividade

caritativa, facendo alusión á necesidade de aplicar técnicas que promovan a plenitude dos seres humanos, así como a incorporación dun dos principios básicos da profesión do traballo social, a xustiza social. Estruch e Güell (1976) refiren unha definición de 1960 que sostén que: “el trabajo de Servicio Social se funda en la justicia social y el amor al prójimo y, mediante la aplicación de una técnica apropiada, promueve el funcionamiento normal de cuadros sociales necesarios a los hombres para vivir plenamente humano” (p. 156). En relación á mesma, convén salientar que crea unha certa confusión terminolóxica entre a disciplina do Traballo Social e os Servizos Sociais, este último é un dos ámbitos nos que soen exercer as súas funcións os e as traballadoras sociais, pero non o único. Tómase así a parte polo todo.

Estruch e Güell (1976) constatan no seu estudo, que na profesión do Traballo Social hai unha pluralidade de definicións, sendo maioritarias as acepcións de carácter asistencial e integracionista ou reformistas. Os investigadores aprecian que unha minoría se autodefine como axentes de cambio, encadrando ás persoas defensoras desta visión nunha minoría radical ou crítica. Afirman que é importante ter esta última acepción en conta porque representan a visión que hai nese momento a nivel europeo e, fundamentalmente, en América Latina, onde tivo lugar o proceso de reconceptualización nos anos sesenta, froito dos debates que se levaron a cabo no eido das ciencias sociais. En palabras de Samperio, De Marinis e Verón (2004) “se trató de un proceso que involucra una profunda reflexión epistemológica al interior de la disciplina” (p. 3).

Como o seu propio nome indica, o proceso de reconceptualización, é un movemento que reflexiona sobre os conceptos básicos relativos á disciplina do Traballo Social para intentar xerar un cambio no que atinxe aos marcos conceptuais, facendo crítica ao modelo de Traballo Social tradicional baseado na metodoloxía de casos, grupos e comunidades.

No estudo de Gómez García (2010), no tocante á definición do Traballo Social, cabe sinalar, que algo máis das tres cuartas partes afirman que dentro da profesión non se chegou a unha definición o suficientemente clara do que é o Traballo Social, mentres que unha cuarta parte responde de forma afirmativa. Gómez García (2010) sinala: “como tendencia se observa que mientras que desde el ángulo personal se tiende a estimar que se está individualmente en posesión de una definición, al colectivo se le tiende a atribuir su ausencia (p. 224).

Matus (2006) afirma que as formas de expoñer o Traballo Social, as súas definicións, metodoloxías, a maneira de relacionar a teoría e a praxe, as ferramentas coas que conta e coas que intervén, tornáronse inconsistentes para denominar con claridade as contradicións que se

dan nos diferentes ámbitos da acción, así como para intervir con eles, sendo posible repensar outras propostas para o Traballo Social, resignificando o concepto e reconstruíndo a profesión con novos mapas.

I. 2.2. Teoría e praxe: as dúas caras da mesma moeda

O debate sobre a teoría e a práctica no Traballo Social non é unha controversia nova, forma parte da historia da disciplina profesional. Guzmán (1992) determina que “el problema de las relaciones entre la teoría y la práctica en el Trabajo Social es objeto de estudio de la epistemología en esta disciplina” (p. 1).

O Traballo Social, pola súa labor de conexión coa realidade social, estivo habitualmente vinculado ao plano da intervención. Isto é un aspecto relevante, que dota de singularidade á profesión, pero cabe salientar que é preciso que nunha disciplina como a do Traballo Social, non se contemple a fragmentación entre a praxe e a teoría. Ambas están interconectadas, por iso, deben camiñar xuntas para nutrirse mutuamente, non tendo cabida a existencia desta dualidade que incide negativamente no rigor da profesión.

A través da práctica cotiá, no nivel máis micro, xéranse investigacións e novas teorías e modelos de intervención e, na mesma liña, os estudos con rigor científico permiten aumentar o rigor e a calidade da praxe profesional dándose, como sinala Contreras (2006), unha interrelación permanente entre o saber e o facer. En palabras de Matus (2006) “pensar es un hacer y la teoría es una forma de praxis” (p. 31).

Nunha das definicións na que se pode atopar a superación da dicotomía é a de García-Longoria (2000):

Ciencia que estudia la intervención en las transacciones humanas, con la finalidad de favorecer los cambios necesarios que tiendan a resolver los problemas sociales planteados entre los sistemas. Para ello utiliza el método científico aplicado para la resolución de problemas e integra, de una forma creativa, los conocimientos, valores y habilidades, que han ido configurándose con el desarrollo teórico del trabajo social como disciplina, en continua interrelación con la práctica profesional (p. 28).

I.2.3. Dimensión ética e deontolóxica do Traballo Social

A ética é inherente á profesión do traballo social. No seu día a día, os e as profesionais que representan á disciplina do Traballo Social, atópanse con conflitos éticos sobre os que é preciso deliberar para xustificar e fundamentar a intervención profesional.

Habitualmente podemos atoparnos con principios que se contraponen, exemplo do de beneficencia, entendido como velar polo benestar da persoa usuaria desde un paternalismo xustificado (caso de persoa con enfermidade mental que valoras que pode estar poñendo en risco a súa propia vida e a dos seus veciños e veciñas), e o principio de autonomía, que se considera un dereito das persoas e un deber dende o punto de vista profesional.

O Código Deontolóxico do Traballo Social (Consejo General del Trabajo Social, 2012) introduce unha novidade con respecto ao anterior, sinalando no seu artigo 55 que, en caso de dúbida, na aplicación de principios no relativo ao segredo profesional, daráselle prioridade á protección dos dereitos fundamentais da persoa e de terceiras persoas, logo ao de seguridade e finalmente á liberdade para a toma de decisións. Algo que lembra ás prioridades do método de deliberación de Gracia (2008).

Nembargante, o Código Deontolóxico, ten un carácter orientador, de guía da conduta dos e das profesionais, que pretende velar e garantir os dereitos e os deberes coas persoas usuarias, cos compañeiros e compañeiras, coas entidades para as que se traballa e coa sociedade no seu conxunto, pero non responde a casuísticas concretas nin é o todo ético, de aí a importancia da formación ética e deontolóxica para os e as traballadoras sociais.

Os e as profesionais do traballo social no eido da ética e da deliberación deben ter en conta as dimensións que sinala Bermejo (2002): teleolóxica (fins), deontolóxica (deberes) e pragmática (actuacións e accións). A teleolóxica está relacionada co *telos* da profesión, en concreto, co benestar social da cidadanía; a deontolóxica, fai referencia ao conxunto de normas, principios e deberes que é preciso ter en conta; e a pragmática, alude a levar todo o anterior á práctica profesional dun modo ético, contando con modelos de deliberación que doten de rigor ás actuacións profesionais.

No estudo de Ballesteros e Úriz (2011), conséntase nos e nas profesionais do traballo social entrevistadas, unha ambivalencia entre o significado (o posicionamento teórico e filosófico) e

a acción (os camiños que se seguen para a deliberación na praxe). Hai un claro consenso na necesidade de contar na disciplina do Traballo Social cun plantexamento ético, pero prodúcese unha heteroxeneidade de formas de resolver os conflitos e dilemas éticos na práctica da intervención social. A forma máis habitual de resolver dilemas éticos é consultar a outros e outras compañeiras de profesión e facer uso do Código Deontolóxico da profesión do Traballo Social. Un 53.8% dos e das profesionais afirman recorrer ao sentido común, e neste senso, débese lembrar a Octavia Hill e Mary E. Richmond, que xa no século XIX aludían que na profesión do traballo social non é suficiente facer uso do sentido común e da boa vontade. Howe (1992) afirma que “esta es la razón por la que yo manifiesto mi desacuerdo con aquellos que apelan al sentido común o se declaran a sí mismos pragmáticos o anuncian confortablemente que ellos son eclécticos” (p. 238). Afonda neste cuestión do seguinte xeito:

Si se apela al sentido común, debemos preguntarnos: ¿”sentido” común para quién? ¿Tu sentido es el mismo que el mío? ¿Tenemos un sentido en común?. Como hemos visto, las presunciones adoptadas sobre la gente y su situación pueden ser de una variedad considerable. No hay una forma obvia, evidente de ver las cosas. El sentido común suele significar la visión particular que tiene un individuo que no puede reconocer que hay otras formas de ver las cosas. O que el poder del clima ideológico sobre las ideas o las presunciones sostenidas por la mayoría de la gente es tal que, de hecho, ven las cosas en común y no saber otra forma de dar sentido a las cosas. (Howe, 1999, p. 238).

Seguindo coa forma de resolución dos dilemas, un 34.0% das persoas participantes no estudo, recorre en moitas ocasións á intuición e, sempre, no 17.6% dos casos (Ballesteros e Úriz, 2011).

Os e as profesionais do Traballo Social consideran que a ética é fundamental na práctica do traballo social, pero chama a atención que na última enquisa do COTSG, de novembro de 2016, non se demanda case formación neste eido, por parte das persoas colexiadas.

A importancia da ética no eido da disciplina do Traballo Social, a heteroxeneidade á hora de deliberar e resolver dilemas éticos e a carencia de aplicación de modelos e métodos de deliberación, fan preciso iniciar un proceso de estudo e de reflexión neste senso.

I.2.4. Coñecemento e visión do Traballo Social

Grau (1973) sostén que o estatus da profesión do Traballo Social está condicionado por varios factores, sendo dous deles fundamentais: a imaxe histórico-cultural arcaica que se foi construíndo e a posición da muller na sociedade.

Os estudos deben informar se esta visión foi mudando ou se segue a percibir este imaxinario social.

Estruch e Güell (1976), na investigación que realizaron, destacan que o colectivo sostén que exerce unha labor moi importante a nivel social, pero que o seu estatus profesional está infravalorado.

Torices (2010) informa que a media máis alta de valoración da profesionalidade e de dedicación dos e das traballadoras procede dos e das compañeiras de profesión, en concreto, cunha media de 7.53; seguida das persoas usuarias, cun 7.23. Senten que as entidades nas que exercen o seu labor e a sociedade son as que menos estiman á profesión; a primeira cunha media de 6.37 e, no segundo caso, cun 5.65.

Na investigación realizada por Gómez García (2010) pregúntase aos e ás profesionais do Traballo Social sobre a percepción do prestixio profesional en diferentes disciplinas do eido sanitario, das ciencias sociais, etc. Os resultados mostran que as ocupacións coas medias máis baixas son as de educación social (4.99), graduado/a social (5.20) e Traballo Social (5.83). As máis valoradas son as de medicina, cunha media de 8.82, seguida de arquitectura, cun 7.74. A psicoloxía obtén unha media de 7.23, seguida de enfermería, cun 7.14, e un pouco por debaixo en prestixio, estarían os e as profesionais que se dedican a ensinanza (6.31) e os e as sociólogas (6.18).

Gómez García (2010) refire que máis da metade dos e das profesionais participantes na súa investigación, en concreto, o 57.8% se sente bastante orgulloso/a respecto da profesión do Traballo Social, mentres que só un 4.7% opta pola opción de nada orgulloso/a.

No relativo ao estatus social da disciplina, só un 4.7% se mostra moi satisfeito/a, o 39.7% algo e, máis da metade, en concreto o 55.6%, percibe insatisfacción en relación a este ítem (Gómez, 2010).

Segundo a Gómez García (2010) o 92.9% dos e das traballadoras sociais que participaron no seu estudo, sinalan que a cidadanía non coñece o que é e o que fan, fronte a un 7.1% que afirma que si. Este dato é lixeiramente superior ao obtido por Estruch e Güell (1976), no que só un 2.0%, consideraba que era una profesión coñecida pola sociedade, afirmando o resto, o 96.3% que era pouco ou nada coñecida.

Os datos amosan unha valoración do prestixio superior no caso de profesións vinculadas ao eido sanitario, unha insatisfacción en relación ao estatus do traballo social e un escaso coñecemento a nivel social do Traballo Social; fenómenos ambos que se veñen sucedendo ao longo da historia e que convén analizar no contexto da Comunidade Autónoma de Galicia.

I.2.5. Situación contextual e implicacións para o Traballo Social

Segundo o último estudo do Consejo General del Trabajo Social coordinado por Lima (2015), a maioría das persoas participantes sinalaron que os servizos sociais empeoraron durante os últimos tres anos. O 91.0% dos e das traballadoras sociais participantes considera que as medidas de austeridade están afectando en maior medida ás persoas máis vulnerables da sociedade. O 73.0% entende que este tipo de políticas incumpren algúns dos dereitos das persoas usuarias dos servizos. Nesta mesma liña, o 74.0% está en desacordo coa afirmación de que o goberno empregou o máximo de recursos dispoñibles para evitar a vulneración de dereitos. Outro dato salientable no que incide a situación económica do país ten que ver coa non correlación entre o aumento da demanda de persoas e o incremento do persoal. Só un 13.0% manifesta que na súa área de traballo aumentou o número de persoas traballadoras, fronte a un 29.0% que sinala que diminuíu e un 56.0% afirma que segue a estar máis ou menos igual, no tocante á evolución de traballadores e traballadoras sociais. No caso de Galicia, na investigación coordinada por Lima (2015), recóllese que incrementou o persoal nos servizos sociais nun 15.0%.

Os datos anteriores, caracterizados polo aumento da demanda e mantemento ou redución do persoal, repercuten na situación laboral dos e das traballadoras sociais, sinalando un 58.0% que as cargas laborais son moi elevadas nos últimos seis meses, seguido dun 28.0% que reflicte que é moi elevada. As xornadas de traballo están sendo prolongadas case a diario para o 35.0% das persoas e, para máis da metade, en concreto o 61.0%, é unha práctica habitual un día á semana (Lima, 2015).

No tocante á percepción de descontento das persoas usuarias, o que máis destaca é o aspecto relacionado coa denegación de prestacións, así como os retrasos na concesión das mesmas, cun 35.0% respectivamente (Lima, 2015).

A maioría dos e das profesionais do Traballo Social participantes no estudo coordinado por Lima (2015) coinciden en sinalar, que durante os últimos tres anos, os servizos que se prestan empeoraron e, de forma concreta, no eido da dependencia, inclusión social e muller.

Os principais problemas que se reflicten na investigación son: altas demandas para poucos recursos (54.0%) e carga de traballo (17.0%). Isto leva a que as persoas colexiadas manifesten un maior pesimismo en relación a mellora da situación profesional. O 38.0% entende que a situación non vai a mellor, o 23.0% afirma que é posible que non e un 22.0%, inclínase pola opción de que seguramente si pode mellorar (Lima, 2015). No mesmo estudo, abórdanse os retos da disciplina do Traballo Social, sinalando que o 34.0%, coincide en marcar a opción relacionada con conseguir que os servizos sociais sigan sendo públicos, así como darlle solución aos problemas de financiamento (20.0%) e á mellora da calidade dos servizos (11.0%).

I.3. Os colexios de traballo social: labor e valoración das persoas colexiadas

A imaxe que proxecte a entidade colexial e a valoración que fan as persoas colexiadas, é de suma importancia para a planificación e mellora dos servizos que se prestan. Os datos de investigacións previas amosan unha valoración baixa sobre a utilidade e representatividade dos colexios profesionais (Torices, 2010, 2013). No contexto que afecta ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, obtense unha media de 5.87 no relativo ao ítem de representatividade, sendo lixeiramente superior no caso da utilidade, cun 6.38. As medias obtidas en diferentes variables sobre as funcións do COTSG non superan o 7.00, sendo a menos valorada a de exercer funcións disciplinarias e sancionar as faltas dos e das profesionais (media dun 5.33). O aspecto máis valorado é o de prestar axuda aos traballadores/as sociais (6.68), xunto co de defender os intereses profesionais ante as administracións públicas cunha media de 6.48 (Torices, 2010). A nivel estatal, os seus datos son similares aos obtidos en Galicia. A valoración sobre a utilidade é dun 6.19 de media e, no relativo á representatividade, dun 5.90.

Os datos reflicten que as persoas colexiadas se senten escasamente representadas e identificadas cos seus correspondentes colexios profesionais. As valoracións sobre as funcións que levan a cabo os colexios profesionais de Traballo Social amosan datos semellantes ao caso da Comunidade Autónoma de Galicia, debido a que a media non é superior a 7.00. Coincide tamén a media de 6.70 para a función de axuda ás persoas colexiadas, sendo a menos valorada a de exercer as funcións disciplinarias e sancionar as faltas dos e das profesionais, cun 5.29 de media.

Os resultados anteriores son semellantes aos obtidos por Gómez García (2010), no que a maioría das persoas enquisadas opinan que o feito de estar colexiadas resúltalles de pouca utilidade a nivel individual (33.2%), e moi útil para o conxunto da profesión(no 33.1% dos casos). O 43.1% dos e das traballadoras sociais de Castela e León valora como regular a labor da súa entidade colexial e, un 41.4%, sinala as súas actuacións como boas (Gómez García, 2010).

As peticións que se lle soen facer ás entidades colexiais que representan á disciplina do Traballo Social, aparecen na investigación realizada por Berasaluze e Berrio-Otxoa (2008):

- Máis información e mellora dos fondos da biblioteca e das bolsas de traballo.
- Participación das persoas colexiadas na entidade colexial.
- Recoñecemento da profesión. Novos xacementos de emprego.
- Defensa da profesión, velando polo intrusismo.
- Facer máis visible a profesión nos medios, nos debates, etc.
- Formación especializada en coordinación coas Escolas ou Facultades de Traballo Social.
- Favorecer a investigación social.

Berasaluze e Berrio-Otxoa (2008) indican algún agradecemento expreso ao labor do Colexio Profesional, así como á realización do estudo para contar coa opinión do colectivo.

II. PROCESO METODOLÓXICO

II.1. Obxectivos

- Coñecer e elaborar un diagnóstico da situación dos e das profesionais colexiados/as da Comunidade Autónoma de Galicia.

II.2. Obxectivos específicos

- Describir as variables socio-demográficas (sexo, idade, provincia e municipio de residencia) e formativas da poboación obxecto de estudo.
- Coñecer a situación laboral, o grao de satisfacción e os riscos laborais dos e das Traballadoras Sociais no exercicio profesional.
- Analizar a valoración dos e das traballadoras sociais en relación á situación da disciplina do traballo social no contexto actual.
- Describir a percepción que as persoas colexiadas teñen sobre o COTSG, as súas funcións e servizos.

II.2. Poboación obxecto de estudo

A poboación obxecto de estudo está conformada polas persoas colexiadas do COTS de Galicia.

O universo a xuño de 2015, data na que se inicia o prazo para cubrir a enquisa, é de 2.610 persoas, participando un total de 602 (23.1%).

II.3. Técnica de recollida de datos

Neste informe empregouse a metodoloxía cuantitativa. Para a recollida de datos utilizouse a técnica da enquisa a través dun cuestionario autoadministrado (ver anexo 1) elaborado por medio da plataforma *SurveyMonkey*, que permite mandar o enlace da mesma por correo electrónico.

Os datos son de carácter primario, posto que non se empregaron datos doutras investigacións ou estudos alleos como referencia e para contrastar a información, obténdose directamente a través das persoas obxecto de estudo.

II.4. Tratamento de datos

Os datos obtidos a través da plataforma *SurveyMonkey* foron exportados a un ficheiro, permitindo recodificar as variables, para poder tratar a información por medio de diferentes recursos estatísticos a través do paquete integrado IBM SPSS, versión 20.0.

Para a análise da información utilizáronse datos doutros estudos similares incorporados no marco teórico.

II.5. Resumo do traballo de campo

Antes de remitir a enquisa a todas as persoas colexiadas do COTSG procedeuse a facer un pretest e unha validación do cuestionario administrándoo a un total de 18 persoas traballadoras do eido académico, de servizos sociais comunitarios básicos, penitenciarías terceiro sector, etc.

Feitas as modificacións suxeridas na fase de pretest, remítese en xuño de 2015 o enlace para cumprimentar a enquisa a través de *SurveyMonkey*, dando como data límite o 20 de agosto do mesmo ano.

De outubro a decembro de 2015 expórtanse os datos a un ficheiro de de Microsoft Excel para poder facer, posteriormente, o tratamento dos datos no primeiro semestre de 2016, co programa estatístico IBM SPSS.

III. PRESENTACIÓN, ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DE RESULTADOS

Os datos que se presentan, analizan e interpretan neste apartado fanse en función:

- Do perfil sociodemográfico dos e das traballadoras sociais participantes na enquisa.
- Da dimensión formativa e investigadora.
- Da dimensión laboral.
- Dos datos relacionados coa profesión do traballo social.
- Dos datos relativos á valoración do labor do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e do contexto actual.

III.1. Perfil socio-demográfico dos e das traballadoras sociais

Táboa 6. *Sexo*

	Nº	%
Muller	556	92.4
Home	46	7.6
Total	602	100.0

A información obtida na variable sexo indica que a maioría son mulleres, en concreto, o 92.4%, fronte a un 7.6% de homes. Este dato é consonte a realidade da entidade colexial, na que o 92.1% son mulleres.

Táboa 7. *Idade*

	Nº	%
Menos de 25 anos	6	1.0
Entre 25 e 29 anos	71	11.8
Entre 30 e 34 anos	129	21.4
Entre 35 e 39 anos	124	20.6
Entre 40 e 44 anos	78	13.0
Entre 45 e 49 anos	88	14.6
Entre 50 e 54 anos	56	9.3
Entre 55 e 59 anos	30	5.0
60 anos e máis	20	3.3
Total	602	100.0

O 42.0% das persoas colexiadas participantes no estudo ten entre 30 e 39 anos de idade. A porcentaxe minoritaria está representada polos menores de 25 anos (1.0%), seguido polas persoas de 60 anos e máis (3.3%) e, en último caso, polas persoas en idades comprendidas entre os 50 a 54 anos (9.3%). Cunha porcentaxe de 11.8% atópase o grupo de persoas de 25 e 29 anos, e un pouco por encima, ás de 40 a 44 (13.0%) e de 45 a 49 anos, cun 14.6% do total. A media de idade sitúase nos 40 anos, e o ano 1983 é onde se sitúa a moda dos e das profesionais do Traballo Social, en concreto, o 7.1% naceu nel, tendo a día de hoxe 33 anos.

Táboa 8. *Lugar de residencia actual das persoas colexiadas*

	Nº	%
A Coruña	269	44.7
Lugo	95	15.8
Ourense	74	12.3
Pontevedra	159	26.4
Outras	5	0.8
Total	602	100.0

O 44.7% da colexiación reside na provincia de A Coruña, seguida de Pontevedra que ocupa o 26.4% do total e, en terceiro lugar, Lugo cun 15.8%. A menor parte, o 12.3% vive na provincia de Lugo, e un 0.8% opta pola categoría de non sabe non contesta.

III.2. Dimensión formativa e investigadora

Táboa 9. *Motivo da elección dos estudos de traballo social*

	Nº	%
Por vocación	251	32.0
Axudar ás persoas	164	21.0
Por non poder cursar os estudos que quería	66	8.4
Por colaborar nunha transformación dunha sociedade máis xusta e igualitaria	266	34.0
Outros	35	4.4
Total	782	100.0

Nota: resposta múltiple (máximo dúas opcións)

O 34.0% das persoas colexiadas marca a opción “por colaborar na transformación dunha sociedade máis xusta e igualitaria”, seguido da vocación (32.0%) e por “axudar ás persoas” (21.0%). A minoría, en concreto o 8.4%, sinala “por non poder cursar os estudos que marcara como preferentes” e, un 4.4%, reflicte por outras cuestións.

Táboa 10. *Lugar de realización dos primeiros estudos de traballo social*

	Nº	%
Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela	430	71.4
Facultade de Ciencias da educación.Universidade de Vigo.	85	14.1
Universidade de Educación a Distancia (UNED)	21	3.5
Outros	66	11.0
Total	602	100.0

A maioría das persoas cursou os seus estudos na Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela (71.4%). En menor medida o 14.1%, na Universidade de Vigo, facultade de Ciencias da Educación, dato esperable e que concorda cos dos anos de finalización dos estudos, nos que máis da metade remataron os mesmos antes de que se ofertaran en Ourense. Un 11.0% realizou os estudos noutras universidades, escolas ou facultades (León, Salamanca, Bruxelas, Xaén, etc.) e só un 3.5% optou pola modalidade a distancia na UNED.

Táboa 11. *Ano de finalización dos estudos*

	Nº	%
Antes de 1980	6	1.0
De 1980 a 1984	71	11.8
De 1985 a 1989	129	21.4
De 1990 a 1994	124	20.6
De 1995 a 1999	78	13.0
De 2000 a 2004	88	14.6
De 2005 a 2008	56	9.3
Despois do 2008	30	5.0
Total	602	100.0

Máis da metade, en concreto, o 67.8%, rematou os estudos de traballo social antes do ano 2000. Os intervalos con maior representación son os comprendidos entre 1985 e 1994. Só o 1.0% das persoas participantes acabou antes do ano 1980 e, un 5.0%, despois do 2008. A media de finalización dos estudos sitúase aproximadamente no ano 1999 (1999,71), e a mediana no 2002.

Táboa 12. *Adaptación ao grao en traballo social*

	Nº	%
Si	85	14.5
Non	478	79.4
Cursando na actualidade	37	6.1
Total	602	100.0

O 79.4% das persoas diplomadas en traballo social non cursou á adaptación ao grao. Só un 14.5% resposta de xeito afirmativo a esta cuestión e, un 6.1%, está a recibir dita formación no momento da realización da enquisa.

Táboa 13. *Lugar de realización dos estudos de adaptación ao grao en Traballo Social*

	Nº	%
Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela	51	41.8
Facultade de Ciencias da educación. Universidade de Vigo.	14	11.5
Universidade de Educación a Distancia (UNED)	24	19.7
Universidade da Ríoxa (UNIR)	30	24.6
Centro Universitario Santa Ana Universidade de Estremadura	2	1.6
Outras	1	0.8
Total	122	100.0

Das 122 persoas que cursaron a adaptación ao grao en traballo social ou que no momento da enquisa están en proceso, un pouco menos da metade, o 41.8%, marca a opción da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela. No caso dos estudos do grao, a modalidade a distancia é máis frecuente, representando a UNIR o 24.6%, a UNED o 19.7% e a

Universidade de Estremadura o 1.6%. O 11.5% cursou ou cursa dita formación na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.

Táboa 14. *Outros estudos a maiores da titulación en traballo social*

	Nº	%
Si	205	34.1
Non	397	65.9
Total	602	100.0

A maiores da titulación en traballo social, o 34.1% dos e das persoas que participaron na enquisa, contan con outros estudos fronte ao 65.9% que non.

Táboa 15. *Tipo de estudos a maiores da titulación en traballo social*

	Nº	%
Diplomatura	24	11.0
Licenciatura/grao	43	19.0
Máster, posgrao e/ou experto/a	143	66.0
Doutorado	8	4.0
Total	218	100.0

Nota: resposta múltiple

Das 205 persoas que contan con outros estudos a maiores da formación en traballo social, o 66.0% conta con estudos de máster, posgrao e/ou experto/a no eido da xerontoloxía, dependencia e discapacidade, xénero, mediación, etc.. Un 19.0% posúe unha licenciatura ou grao (en maior medida socioloxía e antropoloxía) e só un 4.0% ten rematado o doutoramento.

Táboa 16. *Número de investigacións realizadas no ámbito do traballo social*

	Nº	%
0	426	70.8
1	87	14.5
2	27	4.5
3	11	1.8
4	6	1.0
5 ou máis	4	0.7
NS/NC	41	6.8
Total	602	100.0

A porcentaxe maioritaria de persoas colexiadas, o 70.8%, non realizou ningún tipo de investigación no eido do traballo social fronte a un 22.5% que si que conta con algún estudo neste eido. O 14.5% teñen só un e o 0.7% cinco ou máis.

Táboa 17. *Número de artigos publicados relacionados co traballo social*

	Nº	%
0	469	77.9
1	41	6.8
2	27	4.5
3	15	2.5
4	5	0.8
5 ou máis	1	0.2
NS/NC	44	7.3
Total	602	100.0

En canto á publicación de artigos ocorre algo similar ao acontecido co número de investigacións. O 77.9% das persoas colexiadas non publicou ningún artigo relacionado coa disciplina do traballo social. Só un 14.8% conta con artigos do ámbito do traballo social e unicamente o 0.2% conta con 5 ou máis.

Táboa 18. *Número de comunicacións presentadas relacionadas co traballo social*

	Nº	%
0	446	74.1
1	47	7.8
2	29	4.8
3	13	2.2
4	9	1.5
5 ou máis	2	0.3
NS/NC	56	9.3
Total	602	100.0

Os datos do número de comunicacións presentadas vinculadas á profesión do traballo social seguen a ser similares aos contemplados no tocante a investigacións e artigos, en concreto, o 74.1% non conta con comunicacións fronte ao 16.6% que si conta con comunicación. Só un 0.3% ten cinco ou máis.

Táboa 19. *Número de libros escritos de forma individual*

	Nº	%
0	552	91.7
1	13	2.1
2	1	0.2
3	1	0.2
4	2	0.3
5 ou máis	-	-
NS/NC	33	5.5
Total	602	100.0

O 91.7% dos e das colexiadas non escribiu ningún libro de xeito individual e só un 2.8% o fixo en algunha ocasión, en concreto, o 2.1% e, ninguén en cinco ou máis veces.

Táboa 20. *Número de libros escritos en colaboración con outras persoas autoras*

	Nº	%
0	511	84.9
1	39	6.5
2	10	1.7
3	5	0.8
4	2	0.3
5 ou máis	1	0.2
NS/NC	34	5.6
Total	602	100.0

O 84.9% das persoas participantes na enquisa non publicou ningún libro en colaboración con outras persoas autoras fronte a un 9.5% que si.

Táboa 21. Áreas nas que os e as profesionais do Traballo Social contan con formación de máis de 50 horas

	Nº	%
Acoso laboral e/ou escolar	1	0.1
Adiccións	60	3.8
Dependencia	236	15.1
Diversidade funcional	70	4.5
Docencia e formación	95	6.1
Emprego/Orientación laboral	46	2.9
Inclusión social	65	4.2
Infancia e familia	136	8.7
Intervención e dinamización comunitaria	32	2.1
Mediación	70	4.5
Muller e igualdade	178	11.4
Migracións	26	1.7
Penitenciarias	10	0.6
Peritaxe social	66	4.2
Persoas maiores	148	9.5
Ocio e tempo libre	61	3.9
Saúde	56	3.6
Servizo de axuda no fogar	79	5.1
Teleasistencia	3	0.2
Terapia sistémica	28	1.8
Vivenda	-	-
Xestión e dirección	45	2.9
Xuventude	14	0.9
Xustiza	9	0.6
Outras	26	1.7
Total	1.560	100.0

Nota: resposta múltiple (máximo tres opcións)

Os e as profesionais do Traballo Social contan con maior formación nas seguintes áreas: dependencia (15.1%), muller e igualdade (11.4%), persoas maiores (9.5%) e infancia e familia (8.7%). Non hai ningunha persoa que conte con formación de máis de 50 horas no eido da vivenda e, só un 0.6%, posúe formación en xustiza.

III.3. Dimensión laboral

Táboa 22. *Situación laboral*

	Nº	%
Desemprego, menos dun ano	45	7.5
Desemprego, máis dun ano	49	8.1
Exercendo a profesión por conta propia, como traballador/a social	15	2.5
Exercendo a profesión por conta allea, como traballador/a social	417	69.3
En activo, pero non como traballador/a social	33	5.4
Persoa bolseira en traballo social ou en posto que accedín pola titulación en traballo social	6	1.0
Persoa bolseira en posto non relacionado co traballo social ⁸	1	0.2
Prexubilación ou xubilación	2	0.3
NS/NC	34	5.7
Total	602	100.0

O 72.8% das persoas colexiadas está exercendo a disciplina do Traballo Social: o 69.3% traballa por conta allea, o 2.5% como autónomo/a no eido do Traballo Social e un 1.0% restante atópase como bolseiro/a. As persoas en situación de desemprego representan o 15.6% do total, estando o 8.1% nesta situación dende fai máis dun ano. Hai dúas persoas que se atopan na fase de prexubilación ou xubilación e un 5.6% en activo, pero non como traballadoras/es socias.

Ao cruzar a variable de situación laboral coa idade, apréciase que as persoas de menos de 25 anos están na súa totalidade en situación de desemprego. O 37.9% das persoas que teñen ente 25 e 29 anos tamén se atopan no mesmo estado.

⁸ As persoas en activo e bolseiras non vinculadas ao traballo social e as persoas prexubiladas e xubiladas pasan directamente á cuestión que aborda a valoración da importancia que outorgan na súa vida a aspectos como os ingresos, estabilidade laboral, etc.

Táboa 23. *Situación das persoas en desemprego*

	Nº	%
En busca do primeiro emprego	9	9.6
En busca do primeiro emprego de traballo social	26	27.6
Xa traballei no eido do traballo social e agora atópome buscando emprego	59	62.8
NS/NC	-	-
Total	602	100.0

Do total de persoas participantes, o 62.8% xa exerceu a profesión do traballo social, pero agora atópase en situación de desemprego. O 27.6% está a buscar o seu primeiro emprego en traballo social e o 9.6% está a buscar o seu primeiro emprego fora do traballo social.

Táboa 24. *Tipo de contrato dos e das persoas que exercen a profesión do traballo social*

	Nº	%
Indefinido	137	31.2
Eventual ou por obra ou servizo determinado	87	19.8
Persoal laboral na Administración Pública	87	19.8
Funcionario/a	58	13.2
Interinidade	36	8.2
En prácticas	3	0.7
Outros	27	6.2
NS/NC	4	0.9
Total	439	100.0

Das 439 persoas que se atopan en activo, o 31.2%, marca o tipo de contrato indefinido, seguido por un 19.8% que representa tanto ao persoal laboral da administración pública como as persoas que teñen un contrato eventual ou por obra ou servizo determinado. O 13.2% opta pola opción de interinidade e o 0.7% está en prácticas.

Táboa 25. Xornada laboral

	Nº	%
Completa	367	83.6
Parcial	68	15.5
NS/NC	4	0.9
Total	439	100.0

A maioría das persoas colexiadas, o 83.6%, exerce a profesión do traballo social a tempo completo e, o 15.5%, de xeito parcial. Neste último caso, a meirande parte, ten un contrato de entre 20 e 30 horas á semana.

Ao cruzar o tipo de xornada laboral, completa ou parcial, en función da entidade na que exercen a disciplina os e as traballadoras sociais aprécianse, tal e como se pode ver na Figura 1, diferenzas significativas segundo se traballa na administración pública, no terceiro sector ou na empresa privada lucrativa. O 93.3% dos e das profesionais da administración pública están a xornada completa e, só un 6.8%, de xeito parcial. En cambio, no terceiro sector, os contratos a tempo parcial representan o 18.7% do total, dato que se dispara no eido da empresa cun 35.8% dos casos.




Figura 1. Tipo de xornada segundo a entidade na que traballan

Táboa 26. Tipo de xornada manifestada en función da entidade

	Administración			Terceiro Sector			Empresa			TOTAL	
	Pública									Nº	%
	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H		
Continua	226	90.8	72.0	38	41.8	12.1	50	52.6	15.9	314	72.2
Partida	8	3.2	11.8	28	30.8	41.2	32	33.7	47.1	68	15.6
Mixta	15	6.0	28.3	25	27.5	47.2	13	13.7	24.5	53	12.2
TOTAL	249	100.0	57.2	91	100.0	21.0	82	100.0	21.8	435	100.0

Das 435 persoas que contestan a esta cuestión (catro participantes non sinalan respostas en ambas preguntas), máis da metade, o 57.2%, atópase traballando na administración pública, o 21.0% no terceiro sector e un 21.8% na empresa privada. O tipo de xornada máis común entre os e as traballadoras sociais é a continua, no 72.2% dos casos, seguida da partida cun 15.6% e, en menor medida, da mixta (12.2). Ao cruzar o tipo de xornada coa entidade aprécianse diferenzas significativas. Na administración pública, o 90.8% teñen xornada de tipo continua, na terceiro sector menos da metade, o 41.8%, e na empresa privada o 52.6%. A xornada partida é máis común no eido do terceiro sector (30.8%) e da empresa privada (33.7%) e insignificante na administración pública (3.2%). A variable mixta é a menos representada en relación aos tres tipos de entidade, sendo máis frecuente no terceiro sector (27.5%), que na empresa privada (13.7%) e na administración pública (6.0%). No caso da administración pública a xornada partida e mixta prodúcese no eido das corporacións locais e dos organismos autónomos, non apreciándose ningún caso nas deputacións, nin en postos dependentes da administración estatal.

Táboa 27. Tipo de Administración Pública na que exercen a profesión do Traballo Social

	Nº	%
Administración pública: Concello, Mancomunidade	169	67.9
Administración pública: Deputación	1	0.4
Administración pública: organismos autonómicos	72	28.9
Administración pública: estatal	7	2.8
Total	249	100.0

No tocante á Administración Pública que alberga a máis da metade das persoas participantes na enquisa (57.2%), obsérvase como o 67.9% exerce a profesión nas corporacións locais, seguido dos organismos autonómicos cun 28.9%. Só un 0.4% está a traballar en deputacións e un 2.8% para organismos dependentes do estado.




Figura 2. Idade das persoas traballadoras en función da entidade

Aprécianse diferenzas no intervalo de idade en función do tipo de entidade na que exercen a profesión do traballo social. O 68.3% das persoas que traballan na Administración Pública teñen idades comprendidas entre os 40 e os 60 anos, destacando o intervalo de 45 a 49 anos, cun 25.7% do total. Sen embargo, no eido da empresa e do terceiro sector, os e as traballadoras sociais son máis novos/as. En concreto, no ámbito lucrativo, o 78.9% ten entre 25 e 39 anos, destacando na figura o intervalo de 30 a 34 anos (36.8%). No terceiro sector, un 70.4% tamén ten entre 25 e 39 anos, sendo máis representativos os intervalos de 30 a 39 anos.

Táboa 28. *Ámbito ou ámbitos de intervención onde exercen a profesión do Traballo Social*

	Nº	%
Acoso laboral e/ou escolar	1	0.1
Adiccións	17	2.0
Dependencia	141	16.2
Diversidade funcional	59	6.8
Docencia e formación	23	2.7
Inclusión social	81	9.3
Infancia e familia	65	7.5
Intervención e dinamización comunitaria	20	2.3
Mediación	8	0.9
Muller e igualdade	24	2.8
Migracións	8	0.9
Penitenciarías	9	1.0
Peritaxe social	3	0.3
Persoas maiores	105	12.1
Ocio e tempo libre	7	0.8
Saúde	56	6.5
Servizo de axuda no fogar	81	9.3
Servizos sociais comunitarios	100	11.5
Teleasistencia	6	0.7
Terapia sistémica	4	0.5
Vivenda	2	0.2
Xestión e dirección	15	1.7
Xuventude	11	1.3
Xustiza	5	0.6
Outras	17	0.2
Total	868	100.0

Os ámbitos nos que exercen a profesión do traballo social as persoas colexiadas son: dependencia cun 16.2%, seguida do eido das persoas maiores cun 12.1% e os Servizos Sociais Comunitarios cun 11.5%. Poucos son os casos que traballan coa temática do acoso (0.1%), o ámbito da vivenda (0.2%), o peritaxe social (0.3%) e como terapeutas (0.5%).

Táboa 29. *Eido no que exercen a profesión do Traballo Social*

	Nº	%
Rural	119	27.1
Urbano	128	29.1
Ambos	186	42.4
NS/NC	6	1.4
Total	439	100.0

Un pouco menos da metade das persoas o 42.4%, traballan tanto no eido rural como no urbano, e só neste último un 29.1%, sendo a porcentaxe lixeiramente inferior no ámbito rural, 27.1%.

Táboa 30. *Distancia que teñen os e as traballadoras sociais dende o seu domicilio ao posto de traballo*

	Nº	%
Menos de 10 km	221	50.3
Entre 11 e 50 km	153	34.8
De 51 a 100 km	46	10.5
Máis de 100 km	13	3.0
NS/NC	6	1.4
Total	439	100.0

Algo máis da metade das persoas en activo como traballadoras/es sociais, o 50.3%, ten menos de 10 km d distancia entre o seu domicilio e o lugar de traballo. O 34.8% ten unha distancia de entre 11 e 50 km, de máis de 51 km e menos de 100 o 10.5% e, un 3.0%, en concreto 13 persoas, teñen máis de 100 km.

Táboa 31. *Frecuencia dos desprazamentos no posto de traballo*

	Nº	%
Moi frecuentemente	138	31.4
Frecuentemente	142	32.3
Ocasionalmente	131	29.8
Nunca	22	5.0
NS/NC	6	1.4
Total	439	100.0

O 93.5% das persoas participantes sinalan que teñen que desprazarse dentro do seu posto de traballo e, máis da metade, o fai frecuente e moi frecuentemente. O 29.8% o fai de forma ocasional e só un 5.0% non ten que desprazarse.

Táboa 32. *Frecuencia dos desprazamentos manifestada segundo o tipo de entidade*

	Administración Pública			Terceiro Sector			Empresa			TOTAL	
	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%
Moi frecuentemente	86	34.8	62.3	26	28.6	18.8	26	27.4	18.8	138	31.9
Frecuentemente	90	36.4	63.4	27	29.7	19.0	25	26.3	17.6	142	32.8
Ocasionalmente	61	24.7	46.6	34	37.4	26.0	36	37.9	27.5	131	30.3
Nunca	10	4.0	45.5	4	4.4	18.2	8	8.4	36.4	22	5.1
TOTAL	247	100.0	57.0	91	100.0	21.0	95	100.0	21.9	433	100.0

Das 433 persoas que contestan a esta pregunta (seis non contestan), apréciase que as persoas traballadoras na Administración Pública son as que se desprazan frecuentemente (63.4%) e moi frecuentemente (63.4%) dentro do seu posto de traballo. Tanto no terceiro sector como na empresa a porcentaxe máis salientable sinala que os desprazamentos se producen de forma ocasional, sendo no primeiro caso do 26.0% e no segundo do 27.5%. A categoría de s é a menos marcada nos tres tipos de entidades, sendo maior en número na administración pública (10 persoas), seguida da empresa (8 persoas) e, en menor medida, do terceiro sector (4 persoas). Ao cruzar a variable relativa ao desprazamento co tipo de administración pública obtense que os desprazamentos se producen en maior medida nos concellos e mancomunidades.

Táboa 33. *Medio de transporte utilizado para levar a cabo os desprazamentos*

	Nº	%
Vehículo propio con abono de gastos	206	49.4
Vehículo propio sen abono de gastos	95	22.8
Vehículo de empresa	65	15.6
Transporte público	27	6.5
Vehículo particular compartido con abono dos gastos	1	0.2
Vehículo particular compartido sen abono dos gastos	2	0.5
Outros	12	2.9
NS/NC	9	2.2
Total	417	100.0

Case a metade das persoas que sinalaron que se desprazan, o 49.4%, reflicte que o fai co seu vehículo, aboándolle a entidade os gastos derivados deste uso. Chama a atención o dato de que 95 persoas utilizan o seu coche particular sen percibir abono de gastos polos desprazamentos. Só un 15.6% conta con vehículo de empresa e un 6.5% realiza os traslados en transporte público.

Táboa 34. *Ingresos anuais netos dos e das traballadoras sociais en activo*

	Nº	%
Igual ou inferior a 9.080,40€	34	7.7
De 9.080,41 a 11.200€	29	6.6
De 11.201 a 14.000€	59	13.4
De 14.001 a 16.800€	55	12.5
De 16.801 a 19.600€	57	13.0
De 19.601 a 22.400€	62	14.1
De 22.401 a 25.200€	63	14.4
De 25.201 a 28.000€	43	9.8
Máis de 28.000€	28	6.4
NS/NC	9	2.1
Total	439	100.0

As categorías anteriores fan referencia aos ingresos netos anuais incluído o salario de doce meses e as pagas extraordinarias. As respostas amosan porcentaxes similares en diferentes intervalos salariais, sendo lixeiramente superior o que representa un ingresos de entre 22.401

e 25.200€ cun 14.4%, seguido do intervalo de 19.601 a 22.400€ cun 14.1%. En termos xerais, a media de ingresos sitúase no intervalo de 16.801 a 19.600€. Dada a heteroxeneidade de ingresos por intervalos, decídese cruzar esta variable en función da entidade para a que traballan (figura 3) e, tamén, relacionar os ingresos co tipo de xornada completa ou parcial, (figura 4).




Figura 3. Ingresos anuais netos dos e das traballadoras sociais segundo a entidade

Os datos da figura anterior amosan que os e as profesionais da administración pública son as que teñen uns ingresos anuais netos superiores, en concreto, o 40.6%, oscila entre os 19.601€ e os 25.200€, percibindo menos do 20.0% uns salarios anuais inferiores aos 16.800€. A situación varía notablemente no eido do terceiro sector e da empresa privada lucrativa. O 77.9% das persoas que exercen no ámbito lucrativo e o 61.6% no terceiro sector ingresan menos de 16.800€.




Figura 4. Ingresos anuais netos en función do tipo de xornada laboral

O 85.2% das persoas que traballan a xornada parcial obteñen un ingresos netos anuais inferiores a 14.000€. Nembargante, o 80.0% das persoas a xornada completo recibe uns ingresos superiores a 14.001€, destacando en porcentaxe o intervalo entre 19.601€ e 25.200€ (33.4% do total).

Táboa 35. *Variación do salario nos últimos cinco anos*

	Nº	%
Si, baixou	198	45.1
Si, aumentou	117	26.6
Non	115	26.2
NS/NC	9	2.1
Total	439	100.0

O 71.7% dos e das profesionais do Traballo Social sinalan que o seu salario variou nos últimos cinco anos, en concreto, a case a metade (45.1%) lle baixou. Un 26.2% afirma que o seu salario se mantén. Resultaba de interese cruzar esta información en función do tipo de entidade onde exercen a súa profesión, obtendo como resultado, tal e como se pode ver la figura 5, que a maior baixada prodúcese na Administración Pública (59.0%). No caso do terceiro sector destacar que o salario viuse incrementado nun 49.5% dos casos e, no eido da empresa privada os datos nos tres ítems (baixou, aumentou o non variou) son moi similares en porcentaxes, sendo lixeiramente superior na opción do incremento de salario cun 28.6%.




Figura 5. *Variación do salario non últimos cinco anos en función da entidade*

Táboa 36. *Tramo de variación salarial*

	Nº	%
Menos de 50€	106	33.7
De 51 a 100€	86	27.3
De 101 a 200€	63	20.0
De 201 a 300€	24	7.6
De 301 a 400€	8	2.5
Máis de 400€	28	8.9
Total	315	100.0

O 81.0% das persoas colexiadas do COTSG sinala que tivo unha variación salarial de ata 200€, sendo de menos de 50€ no 33.7% dos casos. O 19.0% restante presenta unha modificación no seu xornal de máis de 201€.

Táboa 37. *Satisfacción co exercicio da profesión do Traballo Social*

	Nº	%
Moi satisfeito/a	99	22.5
Satisfeito/a	236	53.8
Pouco satisfeito/a	67	15.3
Insatisfeito/a	19	4.3
NS/NC	18	4.1
Total	439	100.0

Un pouco máis da metade dos e das traballadoras sociais manifesta que se atopa satisfeita no desempeño da profesión (53.8%) e, un 22.5% está moi satisfeito ou satisfeita. O 15.3% síntese pouco satisfeito/a e un 4.3% insatisfeito/a.

Resultaba de interese coñecer se o grao de satisfacción varía en función do tipo de entidade onde exercen os e as Traballadoras Sociais, apreciándose diferenzas significativas na táboa 38.

Táboa 38. Grao de satisfacción manifestado en función do tipo de entidade

	Administración Pública			Terceiro Sector			Empresa			TOTAL	
	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%
Moi satisfeito/a	48	20.2	48.5	37	41.6	37.4	14	14.9	14.1	99	23.5
Satisfeito/a	130	54.6	55.1	45	50.6	19.1	61	64.9	25.8	236	56.1
Pouco satisfeito/a	47	19.7	70.1	6	6.7	9.0	14	14.9	20.9	67	15.9
Insatisfeito/a	13	5.5	68.4	1	1.1	5.3	5	5.3	26.3	19	4.5
TOTAL	238	100.0	56.5	89	100.0	21.1	94	100.0	22.3	421	100.0

Das 421 persoas que dan unha resposta a esta cuestión, máis da metade, o 56.1%, atópanse satisfeitas exercendo a profesión de Traballo Social. Un 15.9% síntese pouco satisfeito/a e un 4.5% totalmente insatisfeito/a. Tendo en conta o agrado ou desagrado en función do tipo de entidade, apréciase que no sector público é onde hai máis persoas pouco satisfeitas (19.7%) e insatisfeitas (5.5%), seguido do sector privado lucrativo cun 14.9% e 5.3% respectivamente. No terceiro sector obsérvase unha porcentaxe superior de persoas contentas no seu posto de traballo, marcando un 50.6% o ítem de satisfeito/a e un 41.6% o de moi satisfeito/a, sendo moito inferior no caso da empresa, no que só un 14.9% sinala esta opción.




Figura 6. Grao de satisfacción en función do tipo de entidade

Táboa 39. Grao de satisfacción media no posto de traballo en función dos ítems establecidos

	Media ((sendo 1 moi satisfeito/a e 5 insatisfeito/a)
Salario	3.25
Recoñecemento profesional	3.05
Reciclaxe e formación	2.96
Traballo en equipo	2.79
Coordinación interna	2.99
Coordinación externa	3.12
Incentivos profesionais	4.00
Posibilidade de acadar no traballo as expectativas profesionais	3.43
Motivación	2.74
Relación cos/as compañeiras de traballo	2.08

As persoas participantes sinalan con valoracións medias máis positivas a relación cos e coas compañeiras de traballo e o traballo en equipo. A maior insatisfacción apréciase no relativo aos incentivos profesionais e a posibilidade de acadar no posto de traballo as expectativas profesionais, seguido do salario.

Táboa 40. Situación no posto de traballo en función dos ítems establecidos

	Media ((sendo 1 nulo e 5 moi alto)
Carga de traballo	4.18
Burocracia	4.16
Intrusismo profesional	2.73
Autonomía no posto de traballo	3.72
Control	3.33
Sentimentos de impotencia e frustración	3.34
Estrés	3.66
Acoso laboral	1.60

Os datos amosan que hai insatisfacción no relativo á carga de traballo, cunha media de 4.18 e de 4.16 no aspecto da burocracia, seguido da autonomía no posto de traballo e do estrés. A

maior satisfacción prodúcese no relativo ao intrusismo profesional (2.73 de media). A existencia de acoso é practicamente nula, obtendo unha media de 1.60.

Táboa 41. *Solicitud de baixa por estrés por parte dos e das traballadoras sociais*

	Nº	%
Non	359	81.8
Si	62	14.1
NS/NC	18	4.1
Total	439	100.0

O 14.1% dos e das traballadoras sociais manifesta que tivo que solicitar nalgún momento baixa por estrés, mentres que o 81.8% refire que non .

Ao cruzar a variable de solicitude de baixa por estrés en función do tipo de entidade obtéñense resultados significativos que se poden visualizar na táboa 42 e na figura 7.

Táboa 42. *Baixa por estrés manifestada en función do tipo de entidade*

	Administración Pública			Terceiro Sector			Empresa			TOTAL	
	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%
Non	193	81.1	53.8	79	88.8	22.0	87	92.6	24.2	359	85.3
Si	45	18.9	72.6	10	11.2	16.1	7	7.4	11.3	62	14.7
TOTAL	238	100.0	56.5	89	100.0	21.1	94	100.0	22.3	421	100.0

Do total de persoas que sinalan esta cuestión (18 non contestan), o 85.3%, a maioría manifestan que non tiveron que solicitar baixa por estrés, mentras que o 14.7% si. Destas últimas, é no eido da administración pública, onde se obtén unha maior porcentaxe de situacións deste tipo, sendo moi inferior no ámbito do terceiro sector e no da empresa.




Figura 7. Baixa por estrés manifestada en función do tipo de entidade

Táboa 43. Baixa por estrés manifestada en función da Administración Pública na que exercen a profesión

	Concellos e Mancomunidades			Deputacións			Organismos autonómicos			Estatál			TOTAL	
	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%
Non	134	82.7	69.4	1	100.0	0.5	52	76.5	26.9	6	85.7	3.1	193	81.1
Si	28	17.3	62.2	-	-	-	16	23.5	35.6	1	14.3	2.2	45	18.9
TOTAL	162	100.0	68.1	1	100.0	0.4	68	100.0	28.6	7	100.0	2.9	238	100.0

Do total de persoas que traballan na administración pública (238) a maioría sinalan que non solicitaron nos últimos cinco anos baixa por estrés. O 18.9% restante resposta afirmativamente a esta cuestión, destacando unha maior incidencia de baixas por este motivo na administración autonómica cun 23.5%, seguido da administración local cun 17.3% e da administración estatal cun 14.3%. Nas deputacións non se produce ningún caso de solicitude de baixa por estrés.

Táboa 44. Agresións por parte das persoas usuarias

	Nº	%
Non	302	68.8
Si	119	27.1
NS/NC	18	4.1
Total	439	100.0

O 68.8% das persoas colexiadas admiten que non sufriron ningún tipo de agresión por parte das persoas usuarias, nembargante, o 27.1% confirma que si. Hai unha persoa que indica que sufriu agresións máis de 10 veces.

Táboa 45. *Agresións manifestadas segundo o tipo de entidade onde exercen a profesión*

	Administración Pública			Terceiro Sector			Empresa			TOTAL	
	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%
Non	160	67.2	53.0	73	82.0	24.2	69	73.4	22.8	302	71.7
Si	78	32.8	65.5	16	18.0	13.4	25	26.6	21.0	119	28.3
TOTAL	238	100.0	56.5	89	100.0	21.1	94	100.0	22.3	421	100.0

Ao cruzar a variable de agresións co tipo de entidade obtense como resultado que o maior número de agresións recibidas por traballadoras e traballadores sociais prodúcese na administración pública (32.8%), seguido do eido empresarial (26.6%). No ámbito do terceiro sector hai un menor número de agresións (18.0%).

Táboa 46. *Tipo de agresión manifestadas*

	Nº	%
Física	8	6.7
Verbal	66	55.5
Mixta	39	32.8
NS/NC	6	5.0
Total	119	100.0

Máis da metade sinala que sufriu agresión de tipo verbal, en concreto, o 55.5%, seguido do tipo mixto (verbal e física). A menos sinalada é a agresión física cun 6.7%.

Táboa 47. Valoración media de diferentes aspectos relacionados coa entidade onde exerce a profesión

	Media ((sendo o 1 moi alto e o 5 nulo)
Recursos materiais	2.86
Recursos humanos	3.14
Recursos sociais	3.32
Relevancia da entidades na contorna	2.52
Visión asistencialista	3.05
Visión promotora dos recursos e participación das persoas	3.12
Responsabilidade social corporativa	3.13
Adaptación aos cambios	3.03
Ética	2.64
Xestión xerárquica	2.57
Xestión democrática e por valores	3.06
Conciliación da vida laboral e familiar	2.83
Posibilidades de promoción	3.98
Funcións e tarefas definidas	2.95
Comunicación	2.91
Organización e planificación do traballo	2.95
Motivación	3.01
Axudas sociais para as persoas traballadoras	4.08
Coñecemento por parte dos e das compañeiras do que é o traballo social	2.84
Coñecemento por parte das persoas superiores do que é o traballo social	3.06

A maioría outorga unha puntuación media aos recursos materiais, sociais, ética, xestión xerárquica, conciliación, funcións e tarefas definidas, comunicación, organización e planificación e coñecemento por parte dos e das compañeiras do que é o traballo social. A maior insatisfacción se produce no tocante ás axudas sociais para persoas traballadoras e ás posibilidades de promoción.

Táboa 48. Ilusión por cambiar de traballo

	Nº	%
Non	210	47.8
Si	193	44.0
NS/NC	36	8.2
Total	439	100.0

Ao 44.0% dos e das traballadoras sociais gustaríalles mudar de posto de traballo, mentres que ao 44.0% restante non. As persoas que afirman ter desexos de cambiar de opción laboral sinalan entre os motivos: decepción coa evolución dos servizos sociais, intrusismo político, burocratización, volta ao asistencialismo, maior recoñecemento, distancia do domicilio habitual, estrés, falta de motivación, mellora da xornada, Burnout, mellora das condicións laborais, etc.

Na táboa 49 constátanse resultados significativos ao cruzar esta variable co tipo de entidade onde exercen a profesión.

Táboa 49. *Manifestación da ilusión por cambiar de traballo en función do tipo de entidade*

	Administración Pública			Terceiro Sector			Empresa			TOTAL	
	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%V	%H	Nº	%
Non	125	54.8	59.5	53	60.9	25.2	32	36.4	15.2	210	52.1
Si	103	45.2	53.4	34	39.1	17.6	56	63.6	29.0	193	47.9
TOTAL	228	100.0	56.6	87	100.0	21.6	88	100.0	21.8	403	100.0

Das 403 persoas que deron resposta a esta cuestión, o 47.9% manifesta que ten ilusión por mudar de traballo, fronte a un 52.1% que afirma que non. A maioría das persoas participantes exerce a profesión na administración pública, seguido da empresa e do terceiro sector. Tal e como se pode ver na táboa 49 e na figura 8, máis da metade das persoas que traballan na empresa, o 63.6%, indican que desexan cambiar de posto de traballo, seguido das que exercen na administración pública cun 45.2% e, por último, no terceiro sector cun 39.1%.




Figura 8. Manifestación da ilusión por cambiar de traballo en función do tipo de entidade

Táboa 50. Grado de importancia que lle outorgan na súa vida aos seguintes aspectos

	Media (
Ingresos económicos	1.95
Estabilidade laboral	1.51
Benestar laboral	1.37
Benestar persoal	1.21
Conciliación da vida laboral, formativa e familiar	1.44
Formación	1.67
Benestar da sociedade	1.47
Tempo para o lecer e autocoidado	1.60
Participación social e comunitaria	1.80
Participación en asuntos políticos	2.84

Tendo en conta que os ítems anteriores foron valorados do 1 ao 5, representando o primeiro a categoría moi importante e o segundo á de nada importante, o menos valorado nas súas vidas é a participación en asuntos políticos cunha media de 2.84. O aspecto máis importante é o benestar persoal (1.21) e laboral (1.37), seguido da conciliación da vida laboral, formativa e familiar cun 1.44. Os ingresos económicos non están valorados como unha cuestión altamente importante, obtendo unha media de 1.95.

Táboa 51. Anos de experiencia no eido do traballo social

	Nº	%
Menos dun ano	71	13.2
Máis de 1 e menos de 5 anos	83	15.4
Entre 5 e 10 anos	147	27.3
Máis de 10 anos	231	42.9
NS/NC	7	1.3
Total	539	100.0

Case a metade dos e das traballadoras sociais participantes na enquisa levan exercendo a profesión máis de 10 anos (42.9%). O 27.3% entre 5 e 10 anos e, só un 13.2%, exerce a disciplina dende fai menos dun ano da realización da enquisa.

En relación a este ítem, tal e como se pode ver na táboa 9, é significativo cruzar os anos de experiencia co tipo de entidade na que exercen a profesión.




Figura 9. Anos de experiencia no ámbito de traballo en función do tipo de entidade

A maioría das persoas que levan máis de 10 anos exercendo a profesión atópanse no eido da administración pública, o 69.7%, seguido do terceiro sector co 43.7% e, moi por debaixo, no ámbito empresarial cun 23.9%. Son poucos os casos que levan na administración menos dun ano (1.8%), datos similares aos obtidos no terceiro sector (4.6%) e na empresa (5.7%). O intervalo máis representado neste último caso é de entre 5 e 10 anos.

III.4. Datos relacionados coa profesión do traballo social

Táboa 52. Valoración media das diferentes definicións que hai de traballo social

	Media ($\bar{X}$) (sendo 1 a puntuación mínima e 5 a máxima)
Aportan claridade	3.05
Son útiles para establecer os límites con outras profesións	3.06
Cómpre iniciar un proceso de reconceptualización	3.87
Axúdanme a definir a profesión do traballo social	3.22

A maioría das persoas enquisadas responden en todos os ítems na media de intervalo de resposta (3.05 e 3.87), salientando a necesidade de iniciar un proceso de reconceptualización (3.87).

Táboa 53. Valoración media das seguintes afirmacións relacionadas coa profesión

	Media ($\bar{X}$) (sendo 1 en desacordo e 3 de acordo)
O traballo social é máis intervención que coñecemento	1.79
Para exercer o traballo social preciso facelo dende un modelo de intervención	2.29
Podo intervir sen investigación previa	1.28
O traballo social é unha actividade práctica	2.19
A ética é inherente ao traballo social	2.64
É oportuno facer uso de métodos de deliberación ante dilemas ou problemas éticos	2.56

A afirmación con maior grao de acordo é a que afirma que “a ética é inherente ao traballo social” (2.64), coherente co resultado da media de que “é oportuno facer uso de métodos de deliberación ante dilemas ou problemas éticos”. Aprecíase un grao importante de desacordo coa frase “podo intervir sen investigación previa”.

Táboa 54. Valoración media do coñecemento e recoñecemento da disciplina do traballo social

	Media ((sendo 1 a puntuación mínima e 5 a máxima)
Coñecemento da profesión a nivel social	2.95
Coñecemento da profesión a nivel político	2.54
Recoñecemento a nivel social	2.79
Recoñecemento a nivel político	2.27

A valoración media máis baixa obtense no tocante ao recoñecemento a nivel político cunha media do 2.27. O aspecto máis valorado é o do coñecemento (2.95) e recoñecemento da profesión a nivel social (2.79).

Táboa 55. Revistas do ámbito do traballo social coñecidas polas persoas colexiadas

	Nº	%
<i>Fervenzas</i>	493	26.5
<i>Revista Galega das Ciencias Sociais</i>	91	4.9
<i>Servicios Sociais y Política Social</i>	213	11.5
<i>Revista de Treball Social (RTS)</i>	134	7.2
<i>Trabajo Social y Salud</i>	194	10.4
<i>Agathos</i>	77	4.1
<i>Documentación Social</i>	100	5.4
<i>Portularia</i>	24	1.3
<i>Sistemas Familiares</i>	12	0.6
<i>Trabajo Social Hoy</i>	134	7.2
<i>Documentos de Trabajo Social</i>	174	9.4
<i>Cuadernos de Trabajo Social</i>	207	11.1
Outras	7	0.4
Total	1860	100.0

Nota: resposta múltiple (máximo dúas opcións)

En función das respostas das persoas colexiadas, a revista máis coñecida é a de *Fervenzas* (26.5%), publicada polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. Entre as revistas menos populares entre os e as profesionais da disciplina en Galicia están a de *Sistemas Familiares* cun 0.6% e *Portularia* cun 1.3%.

Táboa 56. *Revistas do ámbito do traballo social máis lidas polas persoas colexiadas*

	Nº	%
<i>Fervenzas</i>	464	45.8
<i>Revista Galega das Ciencias Sociais</i>	38	3.7
<i>Servicios Sociales y Política Social</i>	90	8.9
<i>Revista de Treball Social (RTS)</i>	47	4.6
<i>Trabajo Social y Salud</i>	86	8.5
<i>Agathos</i>	18	1.8
<i>Documentación Social</i>	25	2.5
<i>Portularia</i>	9	0.9
<i>Sistemas Familiares</i>	5	0.5
<i>Trabajo Social Hoy</i>	58	5.7
<i>Documentos de Trabajo Social</i>	75	7.4
<i>Cuadernos de Trabajo Social</i>	76	7.5
Outras	23	2.3
Total	1014	100.0

Nota: resposta múltiple (máximo dúas opcións)

En concordancia cos datos reflectidos na táboa 55 sobre as revistas coñecidas, un pouco menos da metade, resposta que leen *Fervenzas*, en concreto, o 45.8%. Moi por debaixo, cunha porcentaxe do 8.9%, está a do Consejo General del Trabajo Social denominada *Servicios Sociales y Política Social*, seguida de *Cuadernos de Trabajo Social* cun 7.5% e de *Documentos de Trabajo Social* cun 7.4%. Ao igual que no caso anterior, as revistas menos lidas son a de *Sistemas Familiares* e *Portularia*.

Táboa 57. *Opinión das persoas colexiadas sobre elixir de novo a profesión do Traballo Social*

	Nº	%
Non	99	16.5
Si	383	63.6
NS/NC	120	19.9
Total	602	100.0

Máis da metade das persoas, o 63.6%, volvería a elixir a disciplina do traballo social fronte ao 16.5% que non. O 19.9% das persoas opta pola opción non sabe, non contesta.

Tal e como se pode ver na figura 10, a medida que aumenta o nivel de satisfacción exercendo a profesión, incrementa a porcentaxe de persoas que volvería a optar pola disciplina do Traballo Social. O 97.6% das persoas que manifestan estar moi satisfeitas sinalan que volverían a elixir esta profesión. Nembargante, a metade dos e das que afirman sentirse insatisfeitos e insatisfeitas non volverían a escollela.




Figura 10. Opinión das persoas colexiadas sobre elixir de novo a profesión do Traballo Social en función do grao de satisfacción exercendo a disciplina

III.5. Datos relacionados co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e contextuais

Táboa 58. *Existencia de sentimento de identificación das persoas co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia*

	Nº	%
Non	179	29.7
Si	269	44.7
NS/NC	154	25.6
Total	602	100.0

Case a metade das persoas, o 44.7%, séntense identificadas co COTSG fronte a un 29.7% que afirma que non. Un 25.6% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

Táboa 59. *Grado de satisfacción co labor do COTSG*

	Nº	%
Moi satisfeito/a	34	5.7
Satisfeito/a	240	39.9
Indiferente	139	23.1
Insatisfeito/a	152	25.2
NS/NC	37	6.1
Total	602	100.0

O 39.9% das persoas colexiadas se atopan satisfeitas co labor do COTSG. Un 25.2% afirma sentirse insatisfeito/a e un 23.1% reflicte indiferenza coa entidade colexial.

Táboa 60. *Media de satisfacción de diferentes aspectos relacionados co COTSG*

	Media ((sendo 1 a puntuación mínima e 5 a máxima)
Utilidade	3.25
Representatividade	3.19
Apoio á colexiación	3.17
Atención ás persoas colexiadas	3.31
Rapidez nas respostas	3.60
Comunicación coa colexiación	3.49
Servizo de asesoría profesional	3.33
Servizo de asesoría xurídica	3.26
Servizo de asesoría laboral	3.13
Servizo de formación	3.32
Servizo de emprego	3.07
Presenza nos medios e nas redes sociais	3.09
Incidencia nas políticas sociais	2.84
Contribución ao cumprimento dos dereitos fundamentais da cidadanía	3.00
Velar polo exercicio da profesión	3.34
Apoio á ética profesional	3.50
Web	3.60
Innovación	2.98
Fomento da participación da colexiación	3.05
Ter en conta as suxestións da colexiación	3.18

A rapidez nas respostas e a páxina web do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia son os ítems nos que as persoas colexiadas mostran maior satisfacción. En canto aos servizos do COTSG pode interpretarse que hai unha satisfacción por riba da media, sendo a incidencia política e a innovación os que xeran menor grao de satisfacción.

Táboa 61. *Valoración da situación contextual actual por parte das persoas colexiadas*

	Media ((sendo 1 moi boa e 5 moi mala)
Situación económica	3.77
Situación laboral	3.95
Situación dos servizos sociais	3.93
Grao de cumprimento dos dereitos da cidadanía	3.98
Participación da cidadanía	3.41

Os e as persoas colexiadas fan unha valoración negativa da situación contextual actual, sendo a peor valoración a do grao de cumprimento dos dereitos da cidadanía, seguido da situación laboral e a situación nos servizos sociais.

Referencias

- Abad, B. e Martín, I. (2015). El Trabajo Social ante la crisis. Nuevos retos para el ejercicio profesional de los y las trabajadoras sociales. *Cuadernos de Trabajo Social*, 28 (2), 175-185.
- Ballesteros, A., Viscarret, J.J. e Úriz, M^a. J. (2011). Cómo resuelven los dilemas éticos los trabajadores sociales en España. *Portularia*, 2, 47-59.
- Báñez, T. (2005). Del trabajo de apostolado a la profesionalización. Análisis de la profesión de Trabajo Social en Aragón. *Cuadernos de Trabajo Social*, 18, 79-98.
- Berasaluze, A. e Berrio-Otxoa, K. (2008). *El ejercicio profesional del Trabajo Social hoy*. País Vasco: Colegio Oficial de Diplomados en Trabajo Social de Araba, Colegio Oficial de Trabajo Social e Bizkaia e Colegio Oficial de Diplomados en Trabajo Social de Gipuzkoa.
- Bermejo, F. (2002). *La ética del trabajo social*. Bilbao: Desclee De Brouwer.
- Cabezas, P., De Armas, D. e Sabater, C. (2014). La situación sociolaboral del Trabajador Social en La Rioja. *Documentos de Trabajo Social*, 54, 62-91.
- Consejo General del Trabajo Social. (2012). *Código Deontológico del Trabajo Social*. Recuperado el 12 de septiembre de 2016 de https://www.cgtrabajosocial.es/consejo/codigo_deontologico
- Contreras, M. J. (2006). Saber o hacer: ¿un falso dilema del trabajo social en Colombia?. *Revista del Departamento de Trabajo Social, Facultad de Ciencias Humanas, Universidad Nacional de Colombia*, 8, 97-108.
- Cuesta, A. B. (Coord.). (2007). *Situación laboral de las Trabajadoras Sociales en la Rioja*. Logroño: Colegio Oficial de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales de la Rioja.
- Del Hoyo, A. (2004). *Documentos divulgativos. Estrés Laboral*. Madrid: Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo. Recuperado de <http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FICHAS%20DE%20PUBLICACIONES/FONDO%20HISTORICO/DOCUMENTOS%20DIVULGATIVOS/DocDivulgativos/Fichero%20pdf/Estres%20laboral.pdf>
- De La Fuente, I.N. e Sánchez, E. (2012). Trabajo Social, Síndrome de Estar Quemado por el Trabajo y Malestar Psíquico: Un Estudio Empírico en una Muestra de Trabajadores Sociales de la Comunidad de Madrid. *Portularia*, XII, Extra, 121-130.
- Di Carlo, E. e Bea, E. (2005). Importancia de la investigación para el trabajador social profesional. *Revista Tendencia y Retos*, 10, 33-37.
- Domínguez, J. e Jaureguibehe, V. (2012). Trabajo Social y Síndrome de Burnout: reflexiones sobre intervención profesional actual. *Documentos de Trabajo Social*, 51, 140-144.
- Estruch, J. y Güell, A. (1976). *Sociología de una profesión. Los asistentes sociales*. Barcelona: Ediciones Península.

- Facal, T. (2012). Prevalencia del Síndrome de Burnout en Trabajadores Sociales de los Servicios Sociales Comunitarios. *Portularia*, XII, 1, 59-69.
- Gaitán, L. (1991). El espacio profesional. En T. Zamanillo e Gaitán, L. *Para comprender el Trabajo Social* (pp. 95-108). Navarra: Editorial Eud.
- García, J. (1997). *Aproximación Sociológica a los Servicios Sociales*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- García-Longoria, M^a. P. (2000). *El procedimiento metodológico en Trabajo Social*. Murcia: JMC.
- Giménez, V.M., Doménech, Y., Lillo, A. e Lorenzo, J. (2012). La Calidad en los Servicios Sociales de Atención Primaria desde la Perspectiva de las Personas Usuarías. *Portularia*, XII, Extra, 61-71.
- Gómez, R. (2010). *El Trabajo Social en Castilla y León. Estudio sociológico de una profesión*. León: Universidad de León.
- Gracia, D. (2008). *Procedimientos de decisión en ética clínica*. Madrid: Triacastela.
- Grau, R. (1973). Status profesional. *Revista de Treball Social*, 52, 79-94.
- Guzmán, L. (1992). *Epistemología de la teoría y práctica del Trabajo Social*. Costa Rica: Universidad de Costa Rica. Recuperado de <http://www.ts.ucr.ac.cr/binarios/docente/pd-000037.pdf>
- Howe, D. (1999). *Dando sentido a la práctica. Una introducción a la teoría del trabajo social*. Granada: Maristán.
- Irazusta, M. (1997). *Aproximaciones a la Socialización Profesional*. Astigarraga: Escuela Universitaria de Trabajo Social de San Sebastián.
- Lázaro, S. (2004). El Desgaste Profesional (Síndrome de Burnout) en los Trabajadores Sociales. *Portularia*, 4, 499-506.
- Lima, A. (Coord.). (2014). *I Informe sobre los Servicios Sociales en España*. Madrid: Consejo General del Trabajo Social.
- Lima, A. (Coord.). (2015). *II Informe sobre los Servicios Sociales en España*. Madrid: Consejo General del Trabajo Social.
- López, S. (2003). ¿Se puede hablar de calidad de vida en el contexto del Trabajo Social?. *Cuadernos de Trabajo Social*, 16, 109-119.
- Los trabajadores sociales denuncian el aumento de las agresiones y amenazas. (2015, 10 de outubro). *La Opinión de Málaga*. Recuperado de <http://www.laopiniondemalaga.es/malaga/2015/10/15/trabajadores-sociales-denuncian-aumento-agresiones/801948.html>

- Martínez, I., García, A., Felipez, I.M^a. e Castro, D.J. (2015). Violencia sufrida y percibida por el personal de enfermería del Área Sanitaria Integrada de A Coruña. *Revista Enfermería Global*, 39, 219-229.
- Matus, T. (2006). *Apuntes sobre Intervención Social*. Santiago: PUC
- Matus, T. (2015, marzo). Tensiones y debates sobre el tema de la teoría y la práctica en Trabajo Social. *Conferencia Inaugural de la Carrera de Trabajo Social*. Costa Rica.
- Real Decreto 967/2014, de 21 de noviembre, por el que se establecen los requisitos y el procedimiento para la homologación y declaración de equivalencia a titulación y a nivel académico universitario oficial y para la convalidación de estudios extranjeros de educación superior, y el procedimiento para determinar la correspondencia a los niveles del marco español de cualificaciones para la educación superior de los títulos oficiales de Arquitecto, Ingeniero, Licenciado, Arquitecto Técnico, Ingeniero Técnico y Diplomado*. Boletín Oficial del Estado, 283, de 23 de noviembre de 2011.
- Riera, J. (1998). *Concepto, Formación y Profesionalización de: El Educador Social, El Trabajador Social y El Pedagogo Social. Un enfoque interdisciplinar e interprofesional*. Valencia: Nau Libres.
- Rubio, M^a.J. e Varas, J. (1997). *El Análisis de la Realidad en la Intervención Social. Métodos y técnicas de investigación*. Madrid: CCS.
- Samperio, E., De Maris, N. e Verón, J. (2004). El Proceso de reconceptualización en Trabajo Social y su relación con la sistematización de prácticas sociales. El aporte del pensamiento sociológico. *VI Jornadas de Sociología*. Buenos Aires. Recuperado de <http://cdsa.aacademica.org/000-045/21.pdf>
- Santas, J.I. (2010). *Manual orientativo de prevención y actuación ante agresiones a trabajadores/as sociales*. Madrid: Colegio Oficial de Trabajadores Sociales de Madrid.
- Torices, A. e Gómez, R. (2010). As diplomadas en traballo social e asistentes sociais de Galicia: situación e perfil profesional. *Revista Galega de Traballo Social Fervenzas*, 13, 16-43.
- Torices, A. (2013). *Trabajadoras Sociales del Siglo XXI: Su Perfil Actual*. Madrid: Consejo General del Trabajo Social.
- Vázquez, O. (Coord.). (2004). *Libro Blanco Título de Grado en Trabajo Social*. Madrid: ANECA.

Anexo

Modelo de enquisa